





ATENEA

nº 47 ATENEO FERROLÁN

Marzo 2021





Foto: Xoán Porto

ATENEA
Revista trimestral do
ATENEO FERROLÁN
Nº 47
Marzo 2021

Edita
ATENEO FERROLÁN

Redacción e administración
Rúa Magdalena, 202-204
FERROL
981 35 79 70
www.ateneoferrolan.org

Entrevistas e coordinación
SONIA MAURIZ PEREIRA

Deseño e maquetación
FERNANDO RIVERA GARCÍA

Debuxo da portada:
XIANA RIVAS

ISSN
1575-9679
Depósito legal
C-1937-1999

#LIMIAR

SONIA MAURIZ PEREIRA

Marzo. Concorren neste mesmo mes dúas reivindicacións antigas e que atravesan dende os seus cimentos as estruturas socioeconómicas mundiais, as dúas opresións sobre as que se sustenta o capitalismo, a loita obreira e o feminismo.

Polo tanto este número de Atenea de marzo non podería non estar adicado a estes dous temas fundamentais e senlleiros da nosa comarca.

O 8 de marzo é a data escollida polo feminismo para reivindicar a desigualdade que se vive por nacer muller ao longo e ancho do orbe, son moitas as formas que adquire o xénero como ferramenta de opresión, mudables no espazo e no tempo segundo a cultura e a época pero o que non muda é o sexo oprimido polo sexo que exerce a hexemonía.

É, polo tanto, o feminismo un movemento emancipador e internacionalista, características que comparte coa loita obreira.

Porqué é preciso o feminismo se xa existe a loita obreira como movemento de loita contra a desigualdade? Non acadamos xa unha igualdade respecto aos nosos compañeiros de clase?

O certo e verdade é que non. Na teoría acadamos unha igualdade lexislativa máis non se reflicte de todo na realidade, as mulleres seguimos a ser tratadas como cidadáns de segunda, seguimos a ser o rostro da precariedade, seguimos a ser asasínadas , violadas , tratadas como obxectos de uso e gozo...e non somos libres.

Tratadas asi non só polo burgués se non tamén polos nosos compañeiros de clase, dúas opresións atravesan á muller obreira, a de clase e a de sexo. E no caso das mulleres doutras etnias engádese a opresión racial.

Neste intre vivimos dentro do feminismo o ataque de teorías entristas neoliberais e posmodernas que tamén estanse tentando infiltrar no movemento obreiro. Redefinindo e renomeando a realidade e tentando facer do esencialismo un dereito deixan baleiras de contido as dúas loitas, o opresor pasa a ser oprimido por simple apropiación do termo sen ser isto real e, por tanto, non sendo verídica a análise das estrutura socioeconómicas e como dixo a celebre Celia Amorós “Se conceptualizamos mal, politizamos mal”.

ATENEA

Escribo este limiar o 10 de Marzo dia da loita obreira galega, a miña xanela da ao monumento adicado a Amador e Daniel, asasinados o mesmo día en 1972 de man das forzas do estado por loitar polos dereitos laborais e de clase.
Este mesmo día leo nas redes xente indignada porque hai folga, polo dereito, para o meu abraie persoal, a non facer folga, reivindicase o dereito ao esquirolismo. O peor insulto que un obreiro podían recibir hai anos é o de esquirol, traidor á clase.
Mais este posmodernismo, este troiano que todo o redefine e renomea en base á fantasía e desexos propios fíxenos crer que somos clase media, que podemos negociar coa patronal de igual a igual e que nun exercicio de "mrwonderfulismo" as cousas non se conseguen con loita colectiva se non con desexalas moito e pensamento positivo. Ri ou morre.


Imponse polo tanto por parte tres movementos emancipadores máis importantes, loita obreira, feminismo e antirracismo unha reflexión para non desligarse da realidade da poboación e, sobre todo, das necesidades dos máis vulnerables.
Debemos facer un exercicio de toma de conciencia que nos devolva ao chan, que nos alonxe de academicismos que se desvien da materialidade.

Como dixo a mestra Amelia Valcárcel, "as vangardas sempre debaten, segan debatendo pero non esquezan o contexto xeral, o contexto xeral segue a ser o terrible contexto xeral anterior"
As desigualdades de clase, de sexo e raciais seguen vixentes.

O número pretende ser homenaxe as e os que loitaron sen medir as consecuencias individuais polo ben colectivo, as esquecidas da loita obreira que merecen que se saiban os seus nomes e apelidos, agardando que en vindeiros marzos recollamos o seu legado e sexa posible vivir nun mundo de liberdade real.

FALADOIRO


XIANA RIVAS



"

As miñas ilustracións son un resume deste viaxe cara os adentros dunha mesma.
Unha proxección do meu recuncho persoal pero que compartimos todas"


As redes convertéronse xa en parte da nosa rutina, as utilizamos non só como pasatempo, para traballar, para comunicarnos, para relacionarnos... son un espazo máis nas nosas vidas mais como vieiros de expresión cultural e activista quizais foron, ou incluso o seguen a ser, infravalorados pero ,sen embargo, é onde as xeracións máis novas ante as dificultades a acceder a locais onde expor ou editoriais atopan espazos de liberdade e a súa propia linguaxe creativa, convertendo así a virtualidade nun caladoiro infinito de posibilidades artísticas.
É aí onde atopamos mozos e mozas como Xiana Rivas, muller nova, feminista e ilustradora, con moitas seguidoras na súa conta de instagram @xiana_rivas que se senten identificadas , "nomeadas" como mulleres que se negan a ser borradas e invisibles.



"Libérate"

Para min Xiana Rivas é compañeira de loita, muller nova, estudante, ilustradora e feminista.¿ Pero quen é Xiana Rivas para ela mesma? Cóntanos de ti.
Difícil pregunta cando o camiño non está nin á metade do percorrido pero polo de agora, son unha persoa moi curiosa, de mente inqueda e aberta inda que ás veces autosaboteome e acábome bloqueando e freando por medo ou inseguridades. Un cóctel molotov de sensacións contraditorias que grazas a un folio e un "rotula" non acaba estoupando.





"Témonos"

Nas túas ilustracións vemos sobre todo, mulleres. Mulleres cooperando, traballando xuntas. Mulleres repensándose, descubríndose, querendo ser libres. ¿É este o teu camiño persoal ? ¿Que nos estás a contar?
Definitivamente, creo que é fundamental traballar nunha mesma, crear un pensamento crítico e coñecerse. Non é fácil nunha sociedade como a nosa, capitalista e patriarcal, por iso analizar cómo funciona e a súa orixe é necesario para comprender a nosa realidade e a partir de aí, actuar e ir deconstruindose. As miñas ilustracións son un resume deste viaxe cara os adentros dunha mesma. Unha proxección do meu recuncho persoal pero que compartimos todas.

Branco e negro, mulleres espidas, corpos de todo tipo, libros ...pódese dicir que tes xa unha simboloxía propia que che identifica. A min chámame a atención o dos corpos porque vexo moitas artistas mulleres que tamén representan á muller espida e moi lonxe da sexualización ou obxectivación máis propia dos artistas homes. ¿Porqué espidas?
Comezou como algo metafórico, no sentido de espirse en todos os sentidos, integramente e sen pudor. Logo fun engadindo mais variedade de corpos porque esa é a realidade, hai moitos corpos e distintos e sempre me chamaron a atención: os pregues, os volumes, o releve dos osos, as articulacións, a largura, a anchura das extremidades...
Amosar que os corpos da muller poden plasmarse nun papel sen modificalos para "agradar" tamén é unha das funcións como ben dis. Precisamos ver mais variedade para liberarnos dos canóns que nos queren meter polos ollos nas redes sociais.

Tamén vexo que fas retratos de feministas senlleiras como Amorós, Varcarcel, Mary Wollstonecraft...¿Moito que aprender delas ? ¿Son inspiración?
Referentes sen dúbida. Cando leo a algunha delas a cabeza empeza a traballar e de pronto as dúbidas esfúmanse, todo comeza a ter sentido. De feito, ler teoría feminista inspírame para crear as miñas ilustracións que se basean nesas reflexións que nacen do saber e do análise destas referentes pero tamén de moitas compañeiras.

Está clara que a temática das túas ilustracións é totalmente feminista. Como muller e adentrandote nun mundo como o da ilustración, ¿Cres que hai desigualdade no mundo da arte ? ¿É máis sinxelo vender e ter nome sendo home?
Socialízasenos de forma distinta a homes e mulleres e isto, indirectaménte inflúenos. Moitas artistas deixan a súa carreira artística porque o camiño é difícil nun mundo onde os
referentes de renome son na súa maioría, homes. É desmotivador e inxusto ver como silencian ou infravaloran traballos de mulleres que tamen marcaron un antes e un despois e que ao final, este patrón se vai repetindo ao longo do tempo deixándonos sen apenas referentes femininos.

Tamén es activista, cedes a túa obra a proxectos feministas. Sen embargo adoitase acusar a mocidade actual de falta de compromiso.¿Tes esta sensación ? ¿Ou é que non vós abren con facilidade estes espazos?
Non creo que sexa por falta de compromiso, o que pasa que sí que é certo que moitas veces por ser xovenes, o noso argumento tómase á lixeira porque segue moi arraigada esa crenza de que os anos che dan experiencia e saber.

¿Que proxectos tes ?¿Cres que poderás adicarte profesionalmente a ilustración?

Polo de agora o obxectivo é acabar a carreira e logo non teño nada plantexado.

Como ben dixen antes son moi inqueda e curiosa, así que gustaríame tocar todos os paos posibles que me gusten no mundo do arte por iso creo que inda é pronto decidirse pola ilustración soamente como saída, inda que actualmente é onde me sinto mais cómoda traballando, interésame saír precisamente, da miña zona de confort e experimentar



"Que sexas como o teu ritmo marca, que é cando destacas"

MARIAN REI

Directora Teatro Calavera



Fotos: Marian Rei

“Ataviarse para a treboada e non acostumarse á calma”

Marian é compañeira de loita e admirada traballadora do escenario, facendo o máis difícil do mundo , arrincar sorrisos e ademáis ensinando. E cun público moi esixente, as crianzas. Como muller nova e obreira da arte parecenos unha conversa moi interesante a ter e máis nuns intres na que a cultura sufríu, como moitos eidos, un varapalo importante. Obrigados a Marian por sacar un ratiño.

Quen é Marian Rei ? Fálanos un pouco de ti. Eu sei que es actriz, actriz de dobraxe, docente de teatro, activista feminista..

Nacín en Ferrol e vivo en Ferrol, como actriz comecei facendo teatro aos 8 anos e quedei prendida del para sempre, non podería entenderse a miña existencia sen o vencello coas táboas, sobre todo polo que comparto nelas: a comunicación co público e o sentir tan fondo coas compas da equipa, o sentirse parte do "ensemble" que rema cara o mesmo destino.

A sensación de ter algo que contar e que a mensaxe chegue, xa xustifica o meu paso polo mundo.

Actualmente son moi afortunada de poder seguir traballando. Como actriz de teatro estreamos a finais de xaneiro no Pazo da Cultura de Narón, o espectáculo "A voz tomada" de Alfonso Calleja, coa compañía "Que contas?", cos compas Silvia Romaus, Josito Porto e Agustín Bolaños. Tamén son docente de dobraxe na Escola Audiovisual 35mm e seguimos resistindo e ilusionadas con novos proxectos en Teatro Calavera.

Como activista feminista procuro vivir en sintonía de portas cara adentro, seguindo o lema de que "o persoal é político" e no social, impulsando diversos espectáculos e recursos educativos.

Unha boa porcentaxe das nosas creacións teñen un vencello importante có feminismo, na educación en igualdade. A título persoal sempre estou disposta a participar e crear proxectos deste tipo sobre todo porque me sinto autorrealizada, sinto que serven para algo importante para o mundo. Un ben necesario.

"Teatro Calavera foi unha idea que tiven no 2012 de teatro destinado a publico infantil e familiar"





Todas estas experiencias servíronme para coller moitas táboas e para aprender a conectar e a empatizar de cheo co público miúdo e formar a miña compañía, tiña o sentido de poder comunicar á miña maneira e desde preto, pois ademais de actuar, sempre me gustou escribir, e era a forma de poder inventar historias e poñelas a andar.

Tes unha compañía de teatro. Cóntanos un pouco como xurde o proxecto e en que consiste.

Teatro Calavera foi unha idea que tiven no 2012 de teatro destinado a publico infantil e familiar. Levaba uns anos en contacto directo coa infancia e rapazada, a través de actividades extra escolares de teatro e expresión corporal, animación e no teatro, xa que neses anos, logo do paso pola Escola de Teatro de Narón, tiven a sorte de participar en dous espectáculos infantís de teatro do Morcego, que era pola aquela época, compañía residente de Narón.

Agora Teatro Calavera xa somos varias persoas Lorena Vales, Óskar Gáez, Alejandro Martín, Ary García, Ángela Roca e demais familia que se van sumando en diferentes proxectos...

Ademais do teatro e a animación á lectura, apostamos forte pola animación en festas infantís e en proxectos audiovisuais xa que algunhas das obras nos solicitan facelas neste tipo de formato a causa desta "nova, renova normalidade". Estamos preparadas para xirar co mundo onde nos queira levar!

Como os afectaron as restricións dende a desescalada? Anuláronvos moitas contratacións? Que previsión tedes en axenda?

Pois perdemos o 90% do traballo que tiñamos, foi un golpe duro como para todo o mundo. Polo de agora seguimos resistindo e mellorando. O nome de teatro Calavera e que nos guste a estética pirata ten un pouco que ver co noso vínculo co mar e a súa filosofía "Ataviarse para a tormenta e non acostumarse á calma" A verdade é que nos sentimos con folgos a pesar de todo

As institucións están respondendo con axudas

As axudas son moi insuficientes ou nulas en moitos casos.
Parece que van abrir algunhas redes culturais pero despois que? Haberá programación? Quen sabe, levamos un ano de moita incerteza, algunhas certezas desastrosas e moita carga mental.

Antes da pandemia como estaba a situación da cultura na cidade? Hai apoios?

Respecto ao concello de Ferrol, antes da pandemia, si puiden participar en diversas actividades en asociacións veciñais, pois formo parte dunha asociación teatral coa que presentamos proxectos para o programa Ferrol Escena, que non se puido retomar coa pandemia, pero agardamos que a situación permita retomar estes vínculos, que ademais de crear cultura propia, tamén xera valores socio comunitarios importantes.



"vexo moita participación por parte da veciñanza: nos teatros, nas festas, nas actividades das bibliotecas, nas exposicións..."

E demanda? É Ferrol cidade de cultura?
Si en todos os ámbitos. Falo de Ferrol e comarca con respecto a canteira de artistas que saen das escolas dos diferentes eidos: artes escénicas, plásticas e musicais.
Creo que a todo o que podo asistir como público, vexo moita participación por parte da veciñanza: nos teatros, nas festas, nas actividades das bibliotecas, nas exposicións... en todas as programacións que podo asistir, observo unha gran participación. A cultura é un dereito fundamental das persoas. E como tal, debemos traballar en que siga funcionando.

E dentro da cultura e do teatro que é o voso eido, como está a situación da muller?
A cultura está para cuestionar e ser cuestionada, e por suposto o machismo está presente en todo, é inevitable. Moitas veces é tan sutil que nos pasa desapercibida, por iso non chega con poñernos uns lentes, hai que poñerse a pel violeta, como di a miña admirada Carmen Ruíz Repullo. Cando adquires unha perspectiva feminista perante a vida, vas detectando comportamentos e situacións que aínda son normalizadas, e como sociedade, falta por andar unha eternidade neste sentido.

Na miña vida profesional, como todas supoño, teño coincidido con algún director bendito que me trataba coma se non tivese nin idea do meu oficio, simplemente por ser unha muller e por ser nova. O chamado "mansplaining" que coñecemos todas as mulleres. Pero en xeral, como podo traballar coa xente a que quero, a nivel persoal, e traballamos desde unha perspectiva de cooperación. Non deixamos a posibilidade a relacións desiguais e de maltrato. Cando facemos xira, pasamos moitas horas de ruta e moitos días. É primordial o afecto entre nós.

"O feminismo é unha palabra que segue estando estigmatizada"

É máis difícil traballar, facerse un nome?
Todo indica que as cousas van ir cambiando pouco a pouco pero... ¡non creo que o vexamos! A maioría das obras de todos os séculos están escritas por homes e para un elenco principalmente masculino. Isto é algo que hai que revisar.
Nós utilizamos os contos como vía educativa e decidimos desmontar os contos clásicos. "Que teñen de malo os contos tradicionais? " pregúntanche ás veces. A resposta é tan sinxela como que foron escritos no século XVIII. Queiras que non, fomos adquirindo recursos desde aquela para educar ás nenas e nenos dunha forma máis xusta e igualitaria.

Volvendo ás actrices, estamos constantemente xulgadas polo noso aspecto físico. Parece que se non es fermosa, non podes quedar ben diante dunha cámara. Hai máis presión polo aspecto físico: a beleza e a xuventude. É moi fácil de ver e de entender, mesmamente onte estaba a pensar niso mentres vía a carteleira de Netflix. As mulleres que saen nas portadas, en xeral, teñen a función de acompañar ao protagonista de quenda baixo unha pose ridícula e sexualizada, seguen reducíndonos a meros obxectos, convértennos en adornos para o pracer masculino.

Hai proxectos con perspectiva feminista?
Si hai, hai varias compañeiras da escena galega que están a facer teatro feminista. O teatro é un medio máis para xerar conciencia crítica, por iso mesmo non debemos permitir que nolo arrebaten.

O feminismo vende?
Non vende nada. O feminismo é un ben necesario. Non é ningunha tolería traballar en prol dunha sociedade máis xusta e pedir igualdade de dereitos. Como isto non se da, como sociedade estamos en débeda co feminismo en todo caso.
Outra cousa son os que usan o feminismo como emblema para rexuvenecer a cara das súas empresas e partidos, puro márketing, feminismo cero.

Ou é mellor non mollarse demasiado?
O feminismo é unha palabra que segue estando estigmatizada. Que unha persoa sinta pudor ou se poña en perigo por identificarse feminista publicamente, é un claro indicativo de todo o que queda por andar.

“Estamos constantemente xulgadas polo noso aspecto físico”

“O teatro é un medio máis para xerar conciencia crítica, por iso mesmo non debemos permitir que nolo arrebaten”





ROBERTO CAGIAO

Roberto é xa un vello amigo do Ateneo desde que presentou aquí o seu primeiro libro " El Guardian de las Flores", en tempos de prepandemia, momento que semella tan lonxano xa. Neste último ano de feito a súa actividade literaria foi desenfreada adaptándose ás circunstancias con moita creatividade e enerxía, ofreceu capítulos das novas aventuras da súa personaxe emblemática Paola ao tradicional xeito dos fascículos, creou espazos de debate literario nas súas redes e escribiu spin offs da saga cuxa acción se desenvolve en Ferrolterra titulada " Misterios de Ferrolterra".

"O que mais me interesa é que os libros cheguen, e que se vendan por iso"

Antes do confinamento unha das actividades do Ateneo que estaba pensada era a presentación do seu libro "La piedra del destino", que tivo que quedar adiada e proximamente retomaremos segundo avance a desescalada na comarca.
Desde entón viron a luz " El asesino del camino Norte", " La Ley del Pueblo", " Cuadernos Azabache" e os spin off ubicados en Ferrolterra " Los deshauciados " y " En llamas".
É obvio que cagiao é un escritor polífrico con moito que contar e ,a verdade, un sorpresivo fenómeno fan se seguimos a súas redes, os lectores permanecen enganchados as aventuras da comisaria Paola e o seu equipo pedindo sempre máis en canto rematan de ler unha das novelas. ¿Superan as personaxes ao creador ?

"Ao final marketing hai pero podes escoller cal"

Vendo á sú paxinaweb e os números de ventas, os moitos meses como número da súa categoría en Amazon unha non pode evitar reflexionar sobre o libro como produto. **¿É unha mercadoría mais ? ¿Pódese perder romanticismo literario coidándose máis a estética cara a venda que a obra literaria e o seu contido?** Segundo Cagiao os libros, por suposto, son un produto, un produto no que hai que coidar moito a calidade pero sen perder ese romanticismo. " O que mais me interesa é que os libros cheguen, e que se vendan por iso" "Ao final marketing hai pero podes escoller cal, por exemplo o marketing persoal, podería non ir as librarías pero eu vou, por que me gusta falar cós libreiros, fomentar ese tipo de comerzo e ter un vencello emocional."
"Hai escritores que pola súa fama ou dependendo dos seus contratos xa é imposible pero hai moitos autores que así o fan, eu podo permitirme incluso acercarlle o libro a un lector e tomar un café"

"Hai escritores que pola súa fama ou dependendo dos seus contratos xa é imposible pero hai moitos autores que así o fan, eu podo permitirme incluso acercarlle o libro a un lector e tomar un café"


Nese fenómeno fan que está a producir Paola e equipo, ata o punto que os lectores falan con familiaridade como se foran veciños de toda a vida. Cagiao amósase encantado con elo, unha das primeiras críticas que se lle fixo á primeira novela "El Guardian de las Flores " era que os personaxes estaban pouco definidos, fóronse desenvolvendo como el pretendía dende o interior, a partir das experiencias partilladas lector-personaxe, incluso superando as súas expectativas con personaxes como Costoya "Nunca pensei que puidera este personaxe ter tanto fanático".


Pero claro, toda relación e toda historia ten un final, non sabemos como levaran os seguidores de Paola e Costoya a despedida pero **¿E o autor? ¿Hai un horizonte después de Paola?** "Pois a verdade deus dirá, aínda non o sei. Realmente comezo a pensar…¿E se non son capaz de escribir outra cousa que misterio?. Ao mellor me será difícil escribir outra cousa, quizais non cambie moito de xénero"


As aventuras de Paola percorren toda Galicia pero decidiches centrar os spin off en Ferroletrra , cousa que nos encanta pero ¿por qué ? "Era unha débeda pola miña especial relación coa comarca, aínda son só dous pero serán tres"


Como xa comentei a Covid non parou a actividade creativa de Cagiao, pero si notouse en ventas en papel que baixou e subiu o formato electrónico. Pasar máis tempo na casa fixo que se compraran máis libros pero o electrónico é máis barato.
A pregunta é obrigada. **¿Pódese vivir da literatura ?**
" Ao principio como todo isto esixe investimento e perda de cartos, pero hai que manterse activo, ter disciplina, traballar moito o marketing persoal, ofrecín material gratis en redes...A estabilidade é difícil, sei como vou vivir a dous meses vista pero non sei a tres ou a catro. Hai meses de moita venda, outros de nada, investimentos previos...como diciame o meu avó, os cartos levan aos cartos , inviste para gañar."
"E, por suposto, previo a todo, tes que ter unha boa historia que contar"

Queda pendente e sucederá agardamos que pronto unha visita deste contador de historias ao Ateneo para falarnos máis polo miúdo de todos os seus proxectos e presentanos os seus últimos libros.
Quen sabe, de aquí a entón quizais xa sexan un par máis deste autor tan xeneroso como prolífico.











O MIRADOIRO VERDE

¿QUE LLE ESTÁ A PASAR Á RÍA?

A nosa sección “ Miradoiro Verde” *tornase azul* nesta ocasión. Volvemos a mirada cara á ría, ao xerme do Ferrol que coñecemos, razón deste enclave como a nosa morada, do noso estilo de vida sempre vencellado ao mar, sexa vivindo do que este prove como construíndo barcos nos mellores estaleiros do “mundo”.

Como consecuencia desta relación histórica na que os ferroláns saen claramente beneficiados, a ría foi recibindo feridas que a deixaron nun estado de lenta agonía que os mesmos expertos non saben achacar a un só factor e, dende logo, non atopan unha soa solución.

“

O mar pode con todo”

¿Que lle está a pasar á ría? Esta é a pregunta que lle fixemos a tres, sen dúbida, expertos que viven de ou cara ao mar, **Xoan Rodríguez Silvar** director do museo da SGHN (Sociedade Galega de Historia Natural), **Guillermo Díaz** , Xefe da Estación de Bioloxía Mariña da Graña e a Patroa Maior da Confraría de Pescadores e Mariscadores de Ferrol, **Isabel Maroño**.

Os tres coinciden nalgúns dos diagnósticos e das solucións aínda que recoñecen que, sabendo os síntomas e as consecuencias, non se pode saber, sen vontade política, cal é o problema principal da ría, que lle pasa e como solucionalo. Tres entrevistas sen dúbida moi interesantes e nas que os convidados non se deixaron nada no tinteiro, falando cunha claridade e sinceridade que non podemos máis que agradecer.

“

Que o mar non reclame o que é seu”



“Sacrificamos á ría por un beneficio económico con data de caducidade”

XOAN RODRÍGUEZ SILVAR

Director do Museo da SGHN

Foto: Xoan Rodríguez

Coñecido por todos e todas Xan é o director do Museo da Sociedade Galega de Historia Natural, sito na Praza de Canido e fundado en 1976 por un grupo de persoas preocupadas pola conservación e estudo medioambiental, entre eles o noso entrevistado. Moitas son as súas inquedanzas ademais do Museo, é un recoñecido ornitólogo e, profesionalmente, (hoxe xubilado) Director do Instituto Sofia Casanova.

Dende a túa volta a Ferrol nos 70 desenvolviches unha actividade activista medioambiental, ¿Que cambios reais viches dende entón ?¿ Ou só houbo cambios "maquillaxe"?

Houbo nos últimos anos có tema do saneamento un cambio positivo, malía que aínda non está rematada, falta a conexión da Malata.

Seguín todo este proceso de preto, e a limpeza das augas mellorou rapidamente. Un medio fluído que de súpeto lle quitas unha carga que antes de empezar a bombear era equivalente a un Prestige como 66.000 ou 67.000 m³ de augas negras por día, augas domésticas que daban sobre todo ese olor de antes. E con iso ía o que non se sabe de obradoiros industriais e todo tipo de contaminación oculta do alcantarillado.

Hai que contar tamén con Bazán, Astano, Megasa…todo os seus refugallos ían cara a ría a caño libre. Entón si hai unha melloría coa depuradora.

Se rebobinamos un pouco no tempo ata que os Borbóns e os Austrias non montan isto que hoxe é Ferrol, onde estamos, probablemente era unha ría a ritmo natural.

A partir de entón comézase a xerar ocupación de espazo e era un problema grande como achicar a ría, porque as primeiras ocupacións eran unha risa có que viño logo.. Nese momento hai un pequeno golpe de gas, no século XVIII con todo o impacto que supuxo pasar de pequenas vilas a 25.000 habitantes. Foi un impacto o fluxo de augas negras de toda esa xente. Foi terrible e pasaron moitas visicitudes pola contaminación do propio barrio da Magdalena, un verdadeiro problema sanitario, con brotes de cólera e todo tipo de infeccións, nun bucle infeccioso xa que as casas tiñan pozo e bebíase del.

Por outra banda, Ferrol ten un nivel freático moi potente, hai nacementos de auga xa na propia Praza de España e así, por exemplo, todas as casas teñen bombas de achique.

Entón, é o primeiro asalto con grande impacto pasar a ser a primeira poboación galega en número de habitantes con todo o que elo conleva.

O segundo salto sucede nos anos 50-60 có asentaménto de Astano e vaise ocupando o espazo con peiraos, diques...comezase a encher e ocupar todo a ribeira de San Valentín con recheos.

Eran zonas altamente produtivas de ostras, zamburiñas...en cantidade e calidade, todo ese caladoiro está aí debaixo. E fíxose cun modus operandi absolutamente terceiromundista, por dicir algo, por todas partes, como por exemplo aconteceu coa antiga praia urbana de Copacabana, onde se esnaquizaban barcos sen medidas de ningún tipo.
É aí, nos anos 50 cando se “desmadra” a cousa, con danos, non direi que irreversibles pero si de difícil solución. As Pías, por exemplo, é unha construción absolutamente “perralleira”, ata o punto que di a lenda que Franco negouse vir a inauguralo pola “porquería” que era a ponte.
Era esta unha época sen estratexia, logo, cando comezaron a entrar normas en vigor ou, dito doutro xeito, houbo que aparentar que había normativa ambiental en curso, nomeadamente para entrar en Europa, xa houbo que facer as cousas doutro xeito pero igual. Por exemplo, Megasa, da que pouco se fala deste tema, é unha acería que no fondo da ría, durante décadas, estivo fundindo chatarra e botando escoria á ribeira.

Cando a cousa foi moi chamativa, a solución foi converter a zona en portuaria, sae no BOE sen moita publicidade, constrúes un paseo atractivo para a xente e a industria pode seguir a ensuciar. Bazán o mesmo, de feito na versión 4.0., parece que construirán un obradoiro cuberto e curiosamente invadindo terreo intermareal.

Poderían correlo un pouco máis porque vendo os planos, a construción da glorieta é para facer un aparcadoiro. Todo é un *deja vú* en pleno 2021, outra vez falta de racionalización, xa que dentro de Navantia hai peiraos sen usar. Unha racionalización media aforraría cartos e tería máis sentido. Estamos a reivindicar que Ferrol se abra ao mar e xustamente estamos a pechar Ferrol ao mar e xusto nun lugar onde non se ve zona militar se non ribeira, só lle sobra un dique sen máis uso que frear as augas.

Dende os Borbóns ao 2021 non hai unha cultura racional sobre a ocupación da ría. Entre medias pasou o peirao carboeiro, etc. Se un o pensa a ría púxose ao servizo de industrias curtopracistas, por exemplo Endesa, deu traballo dende o 62 ata hai pouco, en perspectiva histórica e económica é un curto prazo.

É un mal da zona apostar por industrias con data de caducidade. Nas Pontes había unha industria química estatal, a “Calvo Sotelo”, que fabricaba abonos.
Aproveitaba o lignito que non era de calidade e non valía para queimar, e de feito, todos estes anos contaminou abondo polo alto contido en xofre que se usaba para fabricar sulfatos

E iso era o que saía pola fumeira, cuxa altura de 300 m ten o seu sentido, a pluma de fume saía con moita presión a 300 máis, para que a contaminación se dispersara, para evitar reclamacións. Máis que unha verdadeira solución medioambental é estratexía comercial.

Esta era unha industria con caducidade, estirouse un tempo con importación de carbón, outro disparate ambiental xa que implicaba transporte marítimo, desembarco en Ferrol, transporte as Pontes...investimentos que hoxe se descobren cortopracistas e deficitarios.

Cando Endesa comeza có tema este do carbón hai que facer infraestruturas e aí faise o porto carboeiro con forma de L, e ademais vánselle tapando furadiños, antes había paso de auga e perdeuse, supoño que por gañar liña de atraque sen correntes.

Houbo apostas estranas como o proxecto de Irisarri que era facer un Lago na Malata, nese momento a SGHN amosouse contrario por que a ría ten que ter entradas e saídas para a limpeza de sedimentos e as especies da zona.

De feito esa parte foi unha zona riquísima, a única da ría onde había ameixa fina.
A idea era un dique de 3 metros de altura entre o dique carboeiro e a Graña e por riba unha especie de “chourizo de goma” inchable e desinchable para saídas deportivas de remo por exemplo.
Logramos parar a parte de arriba pero non a de abaixo. E claro, nese momento, a nosa preocupación era por onde irían os sedimentos e foi unha preocupación que se fixo real por que a zona está como está, feita un lodazal.

Un disparate despois doutro. E a puntilla final, foi o porto exterior, un dique de 1,4 km. Despois diso 2000 m^2 de recheo pois xa ¿Que máis daba?.
Foi rematar ese dique e, ao ano, o que quedaba de produción interna do banco de ameixa babosa, do banco das Pías, pasou de categoría B a C; A é venta directa, B algunha contaminación, ten que ir a depuración e C, é que mellor inventamos algo.

As bateas que puxeron para depurar fracasaron por que esas bateas están ao amparo do Porto Exterior, que frea as correntes e, polo tanto, non hai depuración. É unha zona que ata se nota a subida de temperatura da auga pola falta de corrente.
San Cristovo, de feito, cría un verdín que non tiña, causado polo sedimento.

Ou sexa, pasou o previsible, incluso polo propio estudo de impacto medioambental, que dicía que supoñería unha diminución do 17 %, unha cantidade importante nas velocidades das augas. O impacto foi obvio, creando incluso problemas de tráfico marítimo por que antes os buques entraban nunha liña e agora teñen que arrimarse ao Segañón.

A grandes trazos esta é a historia da ría, hai episodios parecidos ao de Megasa, por exemplo, nos anos 70, constitúese en punta Promontoira a desgasíficadora que foi un desastre, por que dentro da ría había dous estaleiros enormes e Astano facía moitas reparacións, asi que por normativas a nivel mundial, construíron unha estación para que os buques parasen e deslastrasen a terra todo os gases e orgánicos có impacto que elo conleva.

Ou sexa, unha desgasificadora, dentro dunha ría,.mala idea. Así foron os 70, 80 e 90, onde, por exemplo, os barcos que chegaban a pintar se utilizaba granalla para a pintura que é sumamente tóxica. Todo ese chorreo caía no peirao e na auga.

Foi parar aí a desgasificadora, que estaba pensada para onde está o porto exterior. Uunha sorte de acontecementos enmarcados nunha época de privatizacións na que se privatizou Enagas e foi mercada por Gas Natural, de capital catalán. Ao ter dereito nesa zona non permitiron construir alí, non lles interesaba unha desgasificadora en Galicia, para poder cobrar maior peaxe. Entón Tojeiro, que lle interesaba que houbera gas a prezos razoables, como se achegaba a ultima quenda de concesión de desgasificadoras, solicitou a Fraga que arranxara isto.

O presidente, ante o asombro da sociedade, vaise con Tojeiro a negociar con Gadafi e chega a un acordo de subministro de gas con Libia. Xurde o problema ¿En que zona de Galicia que fora portuaria e puideran entrar barcos de tal calado, ponse a desgasificadora? Podería ir para San Cibrao pero por algunha razón rematou onde está.

Escoitada a narración ata o de agora ¿Quen é o culpable da situación? Por unha beira vexo o curtopracismo político habitual a 4 anos vista sempre, pero tamén haberá unha responsabilidade da sociedade da cidade.
A todo o mundo lle gusta vivir ben, claro. Eu cando chego a Santiago a estudar no 71, chegabas e viñas de Ferrol con comerzo, movemento, a mariña, o rexemento de Mérida, había cartos. Chegabas a Santiago e era "unha aldea con catedral". Cando a situación en Ferrol comeza a caer é moi duro, acostumados a un nivel de vida, que chegou a haber 92.000 habitantes con moita industria periférica que vivía delo. Ante a reconversión, de feito, comezaron a xurdir plans con nomes cada vez máis esotéricos como plan ZUR (Zona de Urxente Reindustrialízación), logo foi ZID (Zona Industrial en Declive)... plans que deron salarios apetitosos a uns poucos, plans de formación que pouco formaron...máis que "Zurcid" foron furados.

Houbo experimentos como unha conserveira "O cisne" en San Sadurniño, unha nave sen sistemas de depuración que usaba aceites, que ían directos ao río e destrozaron a piscifactoría da troita que había chegando a Xubia, que rematou por pechar.

Entón, ¿A saúde da ría como a ves hoxe? ¿É recuperable?
A capa de augas mellor. O outro problema, o de residuos sólidos e obstáculos, sería salvable. Poderiamos eliminar As Pías que realmente pódese substituír por unha dobre vía, que deixe un paso de auga decente.
Hai tres pontes e pasos eléctricos que son enormes e todo vai dificultando o paso da auga.

É recuperable, pero é cuestión de cartos e vontade política. Tan só con prescindir de As Pías, e facer unha ponte sen obstáculos subacuáticos, xa que están aí os refugallos de cando o Prestige (que os quiten dunha vez) e abrirlle o paso a auga, que solucións técnicas hai. So con elo melloraría moito. No seu momento, por aforro ou por ignorancia política, non sei...unha falta de proxecto de cidade foise tragando cunha enxeñería de low cost.

¿Non houbo ningunha corporación municipal que tivera un plan para a ría que eliminara problemas como o desembarco de chatarra de Megasa?
Os peiraos son competencia do Estado e teñen normativas moi peculiares. Politicamente úsanse para xente que estea en descenso ou ascenso e para satisfacer as grandes compañías.

¿Que Megasa ten un problema? Arránxanse. ¿Por qué hai dous portos exteriores, un en Coruña e outro en Ferrol, cando todos sabemos que un petroleiro difícilmente pode entrar en A Coruña con esa surada? A orientación é Sur e por aí entran as treboadas. Para suavizalo fíxose un contradique, mala solución, porque se dificulta a manobra, cunhas ondas de varios metros.

Tes unha visión optimista de recuperación da ría pero hai infraestruturas que non se van mover e inflúen na produción marisqueira e vida da ría ¿O marisco é recuperable? Hai moitísima vieira pero algo que daba moita ocupación como a ameixa babosa non.

Dende hai 3 ou 5 anos a esta parte xuntáronse cousas que non pasaban antes, as augas é o máis doado de recuperar pola depuradora. Os obstáculos grandes son relativamente doados de eliminar o que non é doado, e incluso hai dúbidas de se debese de tocar, é o tema dos sedimentos.

Todo este proceso de freado das augas e o aporte de contaminantes da poboación ribeirán durante décadas e, fundamentalmente dos 50 para acá, deixou un pouso importante de sedimentos. Incluso a ponte carboeira, ao pechar o paso de auga, acelera os procesos.
Estes sedimentos teñen, ademáis, grandes cantidades de materiais pesados, uns de fontes naturais e outros industriais. Os expertos recomendan facelo con moito coidado, sobre todo extraccións, que poden remover. Así que hai variedade de opinións técnicas fundamentadas dende no tocar a por áridos... que é o outro problema ¿Canto duran? ¿De onde os sacas...?

En fin, son posibles solucións para limpar a auga, remover obstáculos grandes e non tocar sedimentos pero sumase outro interrogante, que dende hai uns anos non hai produción de babosa e non se sabe exactamente o porqué, que pasa.

Falado con varios colegas, con moita experiencia, sobre o tema coinciden en que hai teorías pero falta investigación para dar algún tipo de explicación, por que é extrano. Levaba décadas baixando a produción pero, como dáse este baixón, é un misterio.
De feito, están mantendo certa produción coa ameixa xaponesa que era residual.

En resumidas contas, nos 80, en primeira venda, a produción de Ferrol eran uns 3000 millóns de pesetas (uns 18 millóns de euros), logo, ao pasar pola depuradora e distribuidores, multiplicase.

O sector pesqueiro e marisqueiro non parace estar moi promovido, nin coidado na comarca. Lendo tales números non é unha problema de produción ¿Pode deberse a peculiar socioloxía da cidade?
Algo vai por aí. E é absurdo porque vale que é un traballo duro, móllaste, tiras do raño... pero cobra máis que un capitán de corveta. Os salarios militares non eran moito, agora por que van de manobras coa OTAN pero hai anos...tendas como Rafael e Vicente tiñan apuntamentos de fiado do estamento militar longuísimos.
Esa idiosincrasia da cidade si que ten algo que ver.

Nesa época poucas industrias en Ferrol facturaban tanto. Ademais era unha produción sostible e renovable da que comía non pouca xente, chegou a haber 700 persoas con carné só en Ferrol.

¿E quen vai solucionar o que lle sucede á ría ?¿Que solucións hai?
Pois despois de ter sacrificado a ría para un medre curto economicamente, sendo xenerosos dos 50 aos 80, ou sexa 30 anos e con certas carambolas como o peche da canle de Suez, necesidade grandes petroleiros...que foi unha subidiña potente de traballo, as cousas están moderadamente ben.
Hai cousas recuperables pero tamén problemas sen resolver que non sabemos e non se inviste en investigación, temos a Estación da Graña pero está sen persoal, sen dotación fixa, parece que hai investigación pero non.
E asi vai con todo.

Posibilidades hai pero precisase un cambio de chip.
E cousas como o tema portuario que é un tema que me abraia, debe de ser tal a magnitude de poder que hai aí que explica as verdadeiras barrabasadas que se fan, e a ultima, é a conexión ferroviaria a unha industria de dubidoso éxito ao longo prazo.



"Estamos comezando a curar a ría pero o problema é que no sabemos realmente que enfermidade ten"

GUILLERMO DÍAZ AGRAS,
Xefe da Estación de Bioloxía Mariña de A Graña

Fotos: Fernando Rivera

Despois de falar con Xan Rodríguez Silvar que nos fixo unha gran composición de lugar sobre a historia da ría, establecendo unha cronoloxía das accións con impacto na mesma e posibles solucións, dende o seu punto de vista e coa grande capacidade pedagóxica que o caracteriza diriximonos á Estación de Bioloxía Mariña de A Graña para xuntarnos có o xefe da mesma, Guillermo Díaz Agras.

A estación forma parte da Universidade de Santiago e foi creada có obxectivo de fomentar e facilitar a investigación e docencia en bioloxía mariña, tamén funciona como asesoría e entidade divulgativa da fauna e floras galegas.

¿Como ves ti a saúde da ría ? ¿ Que lle está a pasar?

Eu e a xente que traballa na estación non pensamos que haxa un só factor do que lle sucede. Comezando pola orografía da ría, que é moi estreita e agora máis polo espigón do porto exterior, súmase que sempre tivo unha grande actividade industrial, dous estaleiros…e ademais nunca se fixera unha depuración ata hai dous anos e que aínda esta incompleta, falta conectar a Malata.

Iso fixo que a ría sempre estivera sometida a multitude de contaminantes, tanto físicos (barreiras, porto exterior, Reganosa, vías do tren exterior, estaleiros, As Pías,…), contaminación química, as augas negras, estaleiros (por exemplo os chorreos e os seus materiais pesados), grande presión de poboación para unha ría pequena (Ferrol, Mugardos, Narón, Xubia…), son factores para que a ría estea enferma, estamos comezando a curala pero o problema é que non sabemos realmente que enfermidade ten.



Ata o de agora fixemos, e parte da culpa é da xente que nos adicamos a isto, cada un vive nun reino de taifas, a Autoridade Portuaria fai a súa análise, Augas de Galicia outra, nós, a Universidade de Santiago, as nosas, …pero nunca as poñemos en común.

É como se foramos ao médico porque nos doe a cabeza e o médico pide análises para o corazón, rils, neurólogo…pero no se comúnican entre eles, entón a enfermidade pode ser clara pero non o sabemos sen comúnicación.

Sabemos que a ría está mal, en período de recuperación, niso coincido con Xan pero aínda está mal e o sabemos porque a produción marisqueira non é a que ten que ser, vemos que desaparecen animais, ...son pistas. ¿O motivo ? Non o sabemos, son moitos, por iso é difícil dar unha solución sinxela a un tema tan complexo.

¿A polémica de dragado ou non dragado? Claro, é que se non sabemos que está a suceder, é unha tontería poñernos a facer cousas que custan tantos cartos. Como se vai facer na ría do Burgo cun investimento preto de 40 mill de euros, pero alí o tema está claro, é un tema de materiais pesados, pero aquí non está claro.
E se nos poñemos a dragar e eses sedimentos que están contaminados, se liberan e todas as ameixas e os mexillóns que están filtrando volven a cadea alimentaria, é un perigo. Ou non facemos nada e deixamos que se acumule máis sedimento como se fixo na ría de Bilbao, que se agardou a que quedaron soterrados e nalgunhas zonas meteron area. Pero o plan inicial era quitalos, pero ¿Onde os botas? ¿E canto custa?

Desfacerse de lodos contaminados é un problema grande, ¿Botalos ao mar outra vez ? Non é ético nin soluciona. Enterras noutros países? O mesmo, non é ético nin solución.

A todos estes factores contaminantes súmalle a situación de cambio climático que estamos a vivir.

A temperatura da auga é maior e van mudando as especies que se dan aquí, que son distintas. As ameixas, que tradicionalmente se deron aquí, ao mellor xa non están a gusto, independentemente da contaminación.
Por exemplo, na ría está a desaparecer o mexillón e sendo substituído por ostras.

Hai algas novas tamén.
As algas veñen nos barcos, que cando chegan aquí hai unha situación que lles favoréce a elas, as que están aquí xa non tanto, compiten entre elas e saen gañando as de fora. Ou as carabelas portuguesas que vemos ultimamente que veñen polo vento, teñen como unha bolsa que fai de bolsa de aire, inchase e chegan aquí.
As correntes de auga claro tamén están cambiando, a corrente do Atlántico que nos permite ter este clima en inverno suave cando en Nova York neva estando a mesma altura, é pola corrente quente que suaviza o clima.



Claro se todas estas cousas están cambiando, chegan as carabelas e como os seus depredadores naturais que son as tartarugas hai cada día menos, enganchadas en redes e desaparecendo, sen depredador medran e espállanse.

Entón neste tempo que nos tocou vivir é moi difícil sacar unha soa razón e, por tanto, unha soa solución, a un problema global. Claro, nós temos que por o noso gran de area para solucionalo.

Eliminar barreiras físicas como A Ponte das Pías, ¿Paréceche unha solución ? E sobre todo ¿É factible a súa eliminación?
Pois de feito déronse pasos para solucionalo. Non eliminar a ponte se non os seus extremos; en lugar de que sexan sólidas substituir por columnas.

Pero ¿Será viable ?
Todo depende da vontade política, pero isto é visión a máis de 4 anos vista e para un político as cousas teñen que dar resultado antes de 4 anos.



Xan contounos do impacto do Porto Exterior ¿Cal é a túa opinión?
Ese espigón frea unha corrente que viña por alí e agora desviouna e esa zona, que era a máis rica de Ferro,l está cambiando, están cambiando as especies, non de comer, refírome a especies únicas que non había en ningunha outra parte do mundo.
Os espigóns son barreiras que mudan as correntes como o que pasou na zona da Malata, ese espigón viviu momentos como o proxecto de Irisarrí para facer un lago, tolemia total.
Reganosa outro espigón, As Pías...a zona de Poligal que ule fatal. Pero vamos que non paramos de pórlle barreiras á circulación da ría, como se lle puxeramos trompos as veas, ao final morre unha zona por que non lle chega circulación

¿Perdéronse logo moitas especies desde que comezou este peche paulatino?
Non sabería dicirche cantas pero si. Nós notamos un cambio, hai animais que xa non atopamos.


¿Solucións ?
A pregunta do millón. Se non sabemos ben o que lle pasa é difícil dar solucións. Pero bueno, a primeira a depuración, que parece que agora está solventado o problema.
Eliminar moitas das barreiras físicas, aínda que entendo que a día de hoxe sexa imposible, quitando a tentativa na ponte das Pias.

E pouca cousa máis se pode facer, tentar unificar todo o coñecemento que se ten da ría de Ferrol e tentar sacar que lle pasa realmente. Pero de momento é moi disperso. Facer o esforzo de crear un grupo multicidisciplinar, biólogos, enxeñeiros, físicos...
Sería o principio da solución, saber que é o que falla realmente na ría de Ferrol.
Non se sabe, todo o mundo fala e nos tamén pero non se está financiando nada de investigación.

Ferrol e porto de interese xeral, por tanto competencia do estado pero logo hai aspectos que corresponden a outras administracións. Entón quen tería que levar a iniciativa? ¿Autoridade portuaria? ¿Xunta? ¿Ministerio?
Eu penso que ningunha administración, tería que ser un organismo neutral por que se non cada un barre para casa . O porto exterior, por exemplo, ía para Ares, onde sería máis cabal porque cando vai mal tempo é onde fondean os grandes barcos, porque ten un fondo de area, se hai un problema e hai que embarrancar na area é mellor. Pero como Ares está dividida a competencia entre a Capitanía de Ferrol e metade de A Coruña, empezamos cós localismos, mellor un porto aquí e outro na Coruña nun sen sentido total. Pois con isto sería igual.

Debería ser un organismo como a universidade, neutral, que se ten que tirar das orellas á Xunta ou ao Ministerio ...faríano. Por que logo as veces pásanse a pelota, se Autoridade Portuaria é responsable de manter limpa a superficie da auga di "isto non é cousa miña é de Augas de Galicia" e esta á súa vez de Capitanía...

Entre outros factores peculiares de esta ría atopamos que moita costa ten uso ou pertence a Defensa. Un sector difícil que colabore.
Vou romper unha lanza en favor da Armada. Os peiraos da base de A Graña son os que mellor están feitos de toda a ría. Chámanos os peiraos dos americanos, porque os fixeron os americanos nos 50 ou 60, non teñen barreiras, por debaixo circula a auga. Os do Arsenal xa son outra cousa pero os da Graña moi ben.
Pero si, é un sector complicado.



Entón a iniciativa dese grupo interdisciplinario, que ves preciso, ¿Tería que partir da Universidade de Santiago?
Podería ser pero con a implicación da UDC, da Universidade de Vigo... e outros organismos como o CIS da Cabana, independente das administracións.

¿Faltaría un protocolo de comunicación e fluxo de información ? Por exemplo, investiuse en organismos como o CIS que están infrautilizados, non hai comunicación coa universidade de enxeñería...
Estamos buscando solución sinxelas para problema moi complexos, e as solucións a problemas complexos non se dan no tempo dunha lexislatura, isto é para traballo de moitos anos vista, non hai visión ao longo prazo. Probablemente pola sociedade na que vivimos hoxe en día. Todo o queremos xa.
De xeito que a vontade política segue esa visión de a catro anos vista que adoita durar unha lexislatura e non plantexa unha rede comunicada.



¿Sería financiable tal comisión?
Por en comun todo o coñecemento sobre a ría de Ferrol nun comité técnico serían uns 6000 € , que para unha administración non é nada.
Pero o realmente importante é que as diferentes administracións logo se comprometan a facer o que ese comité propoña.
Que as veces non se cumpren nin por lei, a depuración da ría por lei debía estar non sei se no 2000 ou 2002, e estamos no 2021 e comezouse no 2017.
O porto exterior, por exemplo, non podía estar ubicado alí que era un ben protexido (LIC) e moveron os lindes para poder facelo. Os eólicos nos montes de Brion, cheo de xacementos megalíticos e alí os queren ubicar...

"Por en comun todo o coñecemento sobre a ría de Ferrol nun comité técnico serían uns 6000€, que para unha administración non é nada"

¿E as confrarías de pescadores e mariscadores que papel teñen na situación?
Pois hai que falar da sobre explotación do banco das Pías, durante anos saíron moitos kilos de ameixa e non se respectou, nin coidou…no resto de Galicia as confrarías pasan parte do ano coidando; fan resementados, coidan, limpan, vixían…aquí non só non se fixo, tamén se pediu baixar a talla comercial das ameixas.

Claro, os individuos que máis se reproducen son os máis grandes e, se imos baixando a talla comercial, serán cada vez menos e con menos capacidade de reprodución. Pois pediuse a baixa de talla e concedeuse.
E son os profesionais que viven de isto, pero quizais a visión é "pan para hoxe e fame para mañá"

¿Non somos cidade mariñeira?
O banco da Pías era o máis produtivo de Galicia, casi producía máis ameixa que a Ría de Arousa enteira, hai anos. Claro, era tanta a produción que a xente despreocupouse. Empezamos a sobre explotar o banco, a construir espigóns, a non depurar…automaticamente comezou a desaparecer. As treboadas perfectas no se dan dun día para outro, pouquiño a pouco, chega o 2021 é hai problemas na ría. ¿Por que será?

E todos temos que facer autocrítica e nós, dende a universidade, tamén, que levamos moitos anos no noso mundo e adicándonos a investigación alonxados da realidade da ría, quizais tamén por falta de financiamento para este tipo de estudos. Pero temos que facer auto crítica todos, os mariscadores tamén.

¿Pero apostouse en Ferrol polo marisqueo, ou a socioloxía da cidade esqueceu este sector?
Pode ser. Aquí houbo unha flota de bacallau moi, moi importante, a Pysbe. Eu teño no meu despacho unha foto dos bacallaeiros no peirao, como 12 ou 15…iso todo desapareceu, foi perdendo Coruña e Vigo foi gañando importancia.
Non se pode apostar a unha soa cesta e en Ferrol apostamos todo a Bazán e a Armada, e cando Bazán e Armada baixaron …Ferrol baixou.
E fanse investimentos en estruturas que logo non se dotan de actividade, o porto exterior, biodiesel, carbón de Endesa, os eólicos e pecha Gamesa…pero ao final non é rendible.



Poderíase apostar por un comercio de madeira de calidade de nogueira, carballo...pero nin eso, véndese madeira de baixa calidade.

¿Galicia non aposta polo seu?
Faise investimento en patrimonio cultural pero o patrimonio histórico natural non. As rías non se protexen e non hai rías en ningún outro lado do mundo. Se rompo unha vidreira da Catedral de Santiago vou ao cárcere, pero tiro lixo no medio da ría e non pasa nada, o mar pode con todo.
O cauce fluvial invadido pola subida do mar, é un fenómeno que só se da aquí.

A universidad da Coruña ¿ Ten contacto con vós?
Puntual. Colaboracións puntais.

¿E tedes apoio das administracións públicas?
Concello cero, Deputación cero, Xunta cero. De feito temos moi pouco apoio financeiro, moito o pagamos nós có que xeramos.



¿Como vos autofinanciades?
Facendo informes de impacto ambiental para Reganosa, Autoridade Portuaria, Navantia, Armada, empresas de Vigo...con elo págase o xornal dos investigadores.
Hai que recoñecer que o ultimo grupo reitoral da universidade estase a preocupar máis por esta Estación, somos parte dunha rede de estacións, unha en Vilagarcía para estudar os ríos e hai outra no Courel para estudar os montes.
Antes cada unha ía por libre e agora unificáronnos nunha rede e se está a tentar dar un pouco de pulo, pero apoio do resto das administracións, cero.

Na vosa páxina vin que ofrecedes aloxamento para alumnos.
É parte das fontes de ingresos, que son varias, traballar para empresas e administracións e outra os profesores e alumnos de universidade veñén e se aloxan, sacámolos ao mar, vemos os animais vivos...que esos na facultade non se ven, usan os laboratorios...temos 24 camas para alumnos e 4 para profesores.
Tamén estamos recibindo institutos de Ferrol pero con iso non ingresamos nada, non cobramos as visitas pero estamos facendo proxectos de colaboración con algún centro educativo.
Facendo pedagoxía e meténdolles o gusaniño da ciencia aos chavales, que é unha saída laboral.

Por exemplo temos unha compañeira María, investigadora que o día da Muller fai actividades con institutos para animar as mozas. Estes proxectos máis ben son dilvulgativos, que un dos problemas da universidade é o illamento, sempre pechados nas nosas investigacións, publicando en revistas raras, en inglés...lonxe da sociedade. E iso temos que mudalo.

¿Saídas laborais difíciles non?
Moi difíciles. Hoxe en día adicarte á investigación é practicamente imposible. Sen beca non se pode e ter unha beca é complicado. Hai moi poucos cartos para repartir. Precisas unha media brutal, ou traballar mentres, dar clase, mínimo 20 publicacións en revistas de alto impacto científico para que se comece a valorar o teu curriculum...é unha tolemia.
E cando rematas a tese precisas estancia no estranxeiro e como son máis cucos que nós mellórante as condicións laborais e xa non volves. Todo ese investimento publico, todos esos cartos que investimos todos en alguén dan beneficios noutro país. Non ten sentido.
Seguimos cometendo os erros do 2008, investir en ladrillo e turismo. Ao mellor había que mudar o modelo, pero eu sei de bechos.

¿Cantos bechos ferroláns hai?
O noso grupo de investigación descubriu 35 especies novas para a ciencia.

¿Algúnha que te chame máis a atención?
Gústanme todas pero as babosas mariñas, son as miñas preferidas por que me parecen bechos moi curiosos. Algúns deles comen anémonas, que sabes que cando as tocas pican, porque teñen uns tentáculos con células que pican, pois estes bechos poden comer esas células e evitar que se disparen, as colocan as súas costas e as usan de protectores. Brutal.
E hai outros que fan o mesmo coas algas, as algas xeran enerxía coa luz do sol polas células cloroplastos, pois estes bechos comen os cloroplastos e os poñen as costas para manterse vivos e xerar enerxía.
Incluso comen as carabelas portuguesas. Cando atopan unha viven enriba dela coméndoa pero non a matan, poñendo en barbeito un anaco mentres comen outro. E viven aquí en Ferrol.

Cando dou conferencias ensino fotos de especies de Ferrol pero non o digo, ao rematar pregunto de onde pensan que son, dinme sitios como Australia...e abraian, teñen unhas cores espectaculares.
De aquí son, a 30 metros da túa casa. Cando tires unha lata a o mar pensa que a tiras enriba destes bechos que acabas de ver.



Non se pensa en modelos produtivos que o teñan en conta.
Pois aquí o turismo natural vai para arriba, cada día máis.
Aquí temos corais a 10 metros de profundidade, cando no Mediterráneo está a 30 ou 40 metros, e a xente paga para mergullarse. Claro que hai que coidalos, non se pode construir un porto exterior ao lado dunha colonia xigante de Borgonias. Poderíase explotar con turismo de mergullo, deportes, roteiros no monte... Hai pradarías de Zosteraque, que é como a posedonia do Mediterráneo, en San Felipe...preciosas, a do Baño é máis grande que dous campos de fútbol e non están protexidas.

¿Sénteste frustrado na túa labor?
Algunhas veces sí, outras non. Algunhas veces chego a acasa e pregúntome ¿Para que fago isto? Moitas veces expoñemos solucións claras as administracións e non te fan caso e claro, frústrache non entender o por qué. Iso por un lado.



Logo, por outro, ven a frustración de que dar patadas a un balón está moito máis valorado, gañan o que non vou gañar eu na vida que estudei Farmacia, fixen un doutorado en bioloxía mariña, dirixín varias teses e estou traballando con dificultades.¿Que exemplo lle dou a miña filla de 8 anos para dicirlle que se lle adique a ciencia se lle gusta e non tronista? A sociedade non valora o esforzo .

Cando descubro algo novo, son o tipo máis feliz do mundo e unha inxección de moral para un par de anos e logo denéganche cartos para proxectos, rapaces que deixan a tese que teñen que pórse traballar, algúns moi validos pero que na ciencia valorase máis o curriculum que a validez, hai quen non ten boa media pero traballando é moito máis intelixente e proactivo que un que está todo o día enriba dos libros e ten un 9.

Pero compensa unha cousas con outras, cando descobres un becho novo ou ves a emoción dos nenos dun cole vendo plactón debaixo dunha lupa e flipan, paga a pena.

Por finalizar o esbozo ¿Ti como Xan Silvar tes unha visión optimista do futuro da ría?
Non, recuperable como foi hai xa anos non. Coñeceremos unha ría distinta que pode ser mellor ou peor que esta. Eu agardo que sexa mellor. Polo menos distinta. Pero recuperar non por todas as estruturas construídas.

Podemos ter unha distinta que pode ser igual de boa, se a coidamos, entre todos, todas as administracións, confrarías, ...coidala. Pensar un cambio de dirección por exemplo no marisqueo, se o banco das Pias deixa de ser tan fértil. Son optimista no senso de que se están a facer cosas moi boas, como a depuración, notouse espectacularmente, sen ser experto, con pasear ves xa unha calidade da auga que hai dous ou tres anos non se vía. O malo é que se fixeron moitas outras cousas irreversibles.
De xeito que moderadamente optimista. Hai moita utopía primitivista no ecoloxismo pero eu penso que o progreso está e o que hai que tentar é que o progreso que se faga, se faga ben
Obviamente, a xente hai que darlle posibilidades, se o teu pan depende dunha actividade a resposta será visceral se lla quitas, dándolle opcións non se pon ao limite nin se toman malas decisións.

¿Algún proxecto novo?
Pois imos traer nenos do Courel que nunca viron o mar, un intercambio entre dous institutos, o de aquí vai para o Courel e os de alí veñen para aquí.

¿E como responde alguén que nunca viu o mar?
Pois un señor o levamos a Doniños. Quedou calado. Sentou nunha duna, estivo un bo rato mirando e o deixamos. Das estampas da miña vida científica, tres ou catro que dis tí "pagou a pena".

¿Que zoa destacarías ti de por aquí ? Dentro ou fora da ría
A carón do castelo de san Felipe, hai unha praia, cos restos dunha estación torpedeira. Ese recuncho é o meu favorito. E fóra, Doniños. Entre a lagoa e a praia.

"O noso grupo de investigación descubriu 35 especies novas para a ciencia"



"Non se avalía o dano que se fai a ría. A ría está aí e estamos acostumados a sacarlle sen pensar"

ISABEL MAROÑO,
Patroa Maior da Confraría de Pescadores e Mariscadores de Ferrol.

Fotos: Sonia Mauriz

Despois de dúas entrevistas ben interesantes e esclarecedoras, Xan sitúanos na cronoloxía de acontecementos que foron danando a ría, Guillermo da o punto de vista científico da situación dirixímonos á lonxa, onde na oficina da Confraría de Pescadores e Mariscadores de Ferrol a Patroa Maior, Isabel Maroño coincidindo nalgúns puntos ofrece a perspectiva dos traballadores do mar, de quen vive de e cara o mar.

A pregunta que estamos a facer é...¿Que lle está a pasar á ría?

Para min a ría está nunha situación moi descendente, a produtividade é escasa. É unha ría moi industrializada se a comparas con calquera ría galega. Eu creo que poderían convivir varios sectores, industria con primario, perfectamente, pero non sei o que pasa, non sei se foron as continuas obras, moitos verquidos durante anos e incontrolados..., porque nada ten que ver a ría, xa non che digo de hai 20 anos para atrás, de hai 10 anos para atrás que a situación actual. Aínda así penso que é unha ría que, coidándose e dando produción, é moi rica en diversidade de peixe e marisco, podes atopar un choco como un lumbrígante, unha nécora como unha ameixa babosa... para o espazo reducido de ría que é, porque calquera outra ría galega ten moita máis dimensión, esta é moi estreita pero si que ten diversidade de produción. Pero non sei se é abandono sufrido de tantos anos ou, como che digo, a industrialización ao redor. Penso que se pode convivir pero con moito sentido.

Póñoche un exemplo moi claro do que pasará deiquí a un tempo, o estaleiro 4.0., penso que é imprescindible para Navantia e estou moi a favor, porque se Navantia vai ben Ferrol vai ben e hai un consumo elevado dos produtos que nós vendemos, así que penso que hai que construilo pero con sentidiño. No intre que se puxo enriba da mesa o borrador do proxecto, a miña demanda foi que nos pediran un pouco de colaboración e segundo que non fagan unha estrutura sen prever os danos colaterais a provocar na ría.

Iso é o que vexo na ría de Ferrol, que de tres proxectos que había ¿Mirarase cal é o mellor? Eu teño que construir un estaleiro e teño unhas necesidades pero de estas necesidades ¿Cal é a que menos afecta a ría e a que eu lle podo quitar máis partido? Ninguén pensa na ría. Pensan nos protocolos medioambientais que lle marcan, que teñen que presentar para que se aprobe a obra e se acabou. Esa é a magoa que me da da industria que rodea a ría. Por que ao final perdese beleza turística, pero tamén unha fonte de emprego moi grande que ninguén valora. E que moita xente que ao mellor lles guste ao mar aquí teñen unha porta aberta para ese traballo e non se nos mira como tal, mirásenos como un sector secundario.



A industria naval foi unha industria moito máis sucia ¿non ?Sobre todo en reparacións pero ao mellor comparando con Megasa ou outras actividades similares non é a de máis impacto.
Pero é todo, é a educación do traballador e da empresa para min. Por exemplo, o chorreo, hai que chorrear, pero hai que por unha barreira anticontaminación e tentar limpar canto antes...non, abrimos dique e a onde vaia. O mar pode con todo. E se non é a confraría, un mariñeiro ou alguén preocupado que levanta o teléfono e chama a o 112 para alertar dun verquido, da igual, non se entera ninguén.
Hai dúas semanas, un sábado, houbo un manchón de aceite dunha plataforma que tivo un percance e ata que se puxo a barreira...aseguran que se controla pero ¿Como o saben ? ¿Ata onde se pode controlar nun medio fluído? .
Hai moitas cousas que van ao mar por non recoller, como o carbón.
E como non se deixou un só paso de auga para que a Malata puidera limpar perfectamente ¿Que facemos?. E non afecta só a mariscadores e pescadores, é para todo aquel que pasea por aquí. Temos dous estadios con dous equipas, como o Racing e o Parrulo que ven moita xente de fóra e que Malata con marea chea preciosa pero como che toque marea baixa...
¿Por que ? Por que é un embudo, non transpira auga perfectamente. O mesmo que o porto exterior ¿Canto paso de auga se lle curtou á ría?
Eu vexo como a ría e os que vivimos dela somos os últimos e pagamos impostos e xeramos unha economía que se ve que non é suficiente para quen goberna.
¿Que hai que facer un asteleiro 4.0.? Claro que si. Pero imos ver cal é o mellor xeito para todos para facelo. O que non me podes presentar, que é o que eu sinalei nunha xuntanza con Navantia, é un recheo enorme para por un aparcadoiro para comodidade dos traballadores. Vendemelo como que teñen que entrar camións ou tal pero ¿Un recheo para un parcadoiro cando xa hai?
Poño de exemplo Navantia como pode poñer exemplos de Megasa, porque calquera que pasee polo Rio Xubia, por ese fermoso paseo marítimo que se fixo, cando toca a marea baixa..., aínda que parecen ter unha estación de depuración, ti ves ese fume como sae...e non lles digas moito por que como é unha empresa privada pódense enfadar e marchar. Así que pobre de ti como lles causes ese perxuicio en Narón cando lles esta deixando miles de millóns esa empresa.
Así que ¿Ten que haber industria? Si, e estou super a favor de que haxa industrialización, pero con sentidiño.



¿Tedes apoio das corporacións?¿Da Xunta?¿Do Estado?
Pero da igual, póñoche outro exemplo, Astano e os jackets...cando veu a plataforma viron que o fondo non lles chegaba por que a plataforma se afundía e tiveron que quitar area. Sen pedir autorización, pediuse permiso a Autoridade Portuaria e, porque nese intre eu estaba no Consello da Autoridade Portuaria, entereime a tempo e paralicei a obra cun avogado.
Puxen en coñecemento do sector e reclamamos que non se pediu permiso medioambiental de Galicia cando iso é un banco marisqueiro, querían facer unha dimensión super grande e entendemos que iso había que facelo e tiña que saír pero ¿Cal é a zona que realmente se precisaba sen ter que estropear o resto do banco? E como isa, moitísimas.
Non se avalía o dano que se fai a ría.
A ría está aí e estamos acostumados a sacarlle sen pensar.
E te aposto que a xente que traballa nestas industrias gústalles pasear por estes lugares da ría, pescar, ... entón haberá que coidala. Eu paseo con amigos e abráianse da limpeza despois da depuración, que se vexa o fondo...

¿Canta xente máis ou menos traballa en marisqueo na zona?
Asociados en marisqueo somos uns 270 na confraría de Ferrol, permiso uns 200 pero que realmente estean a traballar poden ser 30, como moito 50.
A ría está moi fastidiada, botóuselle agora a culpa á bacteria que afecta ao marisco, que o debilita e dificulta a reprodución. Atoparon esa escusa por que agora xa non hai esa incidencia e segue sen repoboar. Eu penso que son consecuencias de moitos anos, non había mesmo número de poboación hai 30 anos que a que hai agora. E os verquidos incontrolados que houbo na ría, claro.
Logo o sistema de depuración que se depurou a toda presa por que había que facelo pero colleron todas as augas que podían desembocar na ría, foran pluviais ou de residuos... cando calquera ría precisa auga doce para o marisqueo, unha ría ten aportes dos ríos.

¿Entón o saneamento prexudicou?
Non o saneamento en si, que iso se pode mal interpretar. Beneficia, vémolo na calidade das augas porque xa non hai ese verquido pero se canalizaron todas as augas da chuvia e todos os ríos estánse a canalizar, así que todos esos aportes de auga doce á ría se están canalizando e quitando, e a ría precisa auga doce.



E, paradoxalmente, a ría non podía con tanto residuo pero o ser vivo estaba acondicionada a esa "calidade" de vida e agora o que ten que aprender é a vivir sen todos esos aportes que lle estaban a chegar. Cambiáronlle a súa casa e ten que acomodarse ao novo substrato.
É a miña visión pero non son bióloga e oxalá eu tivera a solución.

Os biólogos falan de sobre explotación ¿Que hai de certo?
Tamén o creo, en parte. A día de hoxe sobre explotación non se pode dicir porque levamos 5 anos sen explotar ese banco, entón ¿Onde está esa sobre explotación?.

¿Unha solución sería remodelar a ponte das Pías?
Nós agora estamos noutra rede despois de 2 anos retomamos xuntanzas con Fomento, Costas, ...todas as administracións competentes. É incrible que é unha das rías máis pequenas é a que máis competencias ten , Autoridade Portuaria e Estado, Consellería do Mar, Fomento, Costas, Augas de Galicia, Estradas e non sei se queda algunha.



Hai anos tivemos unha xuntanza onde volvemos a facer fincapé nun estudo integral da ría a ver que está a pasar, e unha das demandas é que se faga a ponte das Pias con paso de auga. Que onde está canalizado o río Inxerto, na esquina do matadoiro da Gándara, aquelo é unha pocilga pero ¿Por que? Non pasa a auga, a corrente non chega para limpar.
Temos unha grande extensión de ponte pero na que máis da metade o paso de auga está pechado, soamente hai un anaquiño de corrente. E a ría precisa corrente, temos un claro exemplo na ponte da Autoestrada de Neda, esa ponte é unha obra posterior e construíuse sobre pilares, non da lugar a almacenamento de lodos e augas residuais, e máis deulle unha corrente bastante importante eses pilares.

Xa che digo é unha demanda antiga, pero nos convenceron na última xuntanza no 2018, Costas convenceunos de que o mellor era un estudo de limpeza por se o impacto de mover os lodos apelmazados, por exemplo no Río Inxerto, se poderían correr por toda a ría e estragar outras zonas produtivas
De aí ese estudo prometido en eleccións, como sempre, pero non está, aínda que o volvemos reclamar que realmente se estude.
Fixéronse cousas sen este estudo previo, o recheo de Reganosa, o Porto Exterior, espigón en Caranza que ningén sabe para que vale, amais de frear a corrente e montar outra cloaca...despois de tanta creación de novos obstáculos, claro, a ría cambiou moitísimo.


¿Parte de a despreocupación da cidade e da comarca polo marisqueo e a pesca pódese deber a socioloxía da cidade ?¿Da Importancia que sempre se lle deu a outros estamentos como a Armada ou o naval?
¿Sabes que pasa na zona de Ferrol? Que non se vive da pesca e do marisqueo. Vívese dun turismo e das industrias e, antigamente, do militar, e esta era unha actividade moi secundaria, para xente sen formación. Non é un pobo mariñeiro, non é Muxía que pasa un problema no mar e todo o pobo vólcase, non é Cedeira que, aínda que hai turismo, tamén é pobo mariñeiro, non é Cariño...Ferrol ten esta actividade moi secundaria. Logo non se ve como tal.

Falamos da cidade pero hai máis confrarías na comarca por que a ría da para moito.
Mugardos tera uns 60 asociados e Barallobre uns cento e pico, tranquilamente nos poñemos en 500 persoas vivindo da ría.

Poucas empresas da comarca dan traballo a 500 persoas.
E directamente pensa logo en todos os postos indirectos, as peixerías, supers, negocios, distribución, hostalería...

¿Logo ti o futuro da ría o ves con optimismo?
Precisamos moita axuda das administracións, sen elas non hai xeito.

Hai unha semana estaba moi enfadada polos orzamentos xerais, non hai ningunha partida para Ferrol e Coruña, tendo unha ferrolá nun cargo tan importante no Ministerio de Traballo, e que ademais uns meses antes de entrar no goberno, aquí sentada, estivo moi preocupada polo sector e vexo que se pide un millón de euros para facer ese estudo, e mira ti, un millón de euros para o Estado, e a miña sorpresa é cando votan en contra, e o meu enfado é brutal. Eu entendo que haxa que repartir pero que non se nos bote unha man...cando estivera aquí sentada con nós, preocupada ata polos coeficientes redutores. Que é ridículo cando unha mariscadora bota todo o día metida na auga e outras empresas portuarias, como amarradores, teñen un coeficiente moito máis alto e nunca están na auga.
Podo entender que non é chegar e embarcar pero polo menos un escrito ou documento no que nos explique por que non se poden facer as cousas. Sentimos un abandono.
Ou nos axudan as administracións, porque son as que teñen o poder e a economía, ou nós non podemos.



Os meses de pandemia ¿Que tal o levachedes?


Custounos moito porque non había axuda ningunha para o sector, é máis a xente cando lle deron o Ok, un mes e pico despois, seguiron traballando porque a xente non podía estar sen levar nada a a casa. Haberá confrarías que se o poidan permitir, nós non.

Coa grande sorte que tivemos moi bo prezo, non a produción pero os prezos si foron elevados porque eramos a unica ría que estabamos comprando e consumindo, se seguía a mercar na peixería, aínda que se estivera pechado na casa.

Esa foi a grande sorte pero o problema é que non hai produción.

Que non é hai 5 anos como agora, pero iso a sorte é que os prezos se manteñen. E asi pódese sobrevivir.

Eu para o ano que fago 8 anos de representante da confraría, cando eu cheguei ter 500 ou 800 quilos de produción non era nada, incluso 1000 quilos, a día de hoxe para conseguir 100 de ameixa babosa difícil, mira o que baixou.



¿Hai xapónica aquí?

Deunos a vida. Ao estar pechado a ponte das Pías a xapónica está da Ponte do tren ata o Couto e cara arriba, e estívose a traballar ben. A xapónica dáse ben.

¿Hai algún sistema de control da súa expansión?

Non, é máis, isto é para botar as mans a testa, hai un par de anos chegámola a sementar e estamos pedindo para sementar outra vez, mira en que punto estamos. ¿Por que non estamos a traballar a nosa especie autóctona que é a ameixa babosa, a ameixa rubia e traballas cunha foránea e sementándoa para que se expanda?

¿A quen lle cabe na testa? Pero é agora o único medio de subsistencia económico para as confrarías e o sector.

Mentres as Pías estaba pechada e os demais bancos marisqueiros non tiñan produción, fáloche como moito de chegar a haber aquí 100 quilos e noutros bancos 30 quilos ¿Que fai a xente con 3 quilos por tripulante? Non nos queda doutra que tirar da xapónica.

Iso si, os biólogos só deixan sementar en zonas que xa hai esa ameixa e non se cría outra pero se un banco é produtivo en ameixa babosa non se permite sementar xapónica, nin nós mesmos o faríamos, a nós interésanos recuperar un banco autóctono, por exemplo, no banco das Pías non tería sentido botar xapónica. Daríase pero non queremos extinguir a babosa. Pero igual que aquí no resto da Galiza. O que pasa é que xapónica dáche esa supervivenza e non queda doutra.

¿A expansión dos bancos de ameixa xapónica pode afectar a especie autóctona e pode ser que se estea a subsustituir?
Non, tivemos a sorte de que a xapónica agarrou ben aí nesa zona, de feito sementamos babosa e morreu toda, é moito mais delicada. Eu penso que hai un sacrificio da ría de Ferrol. E máis, o penso porque son moi nova pero compañeiros máis maiores din que había conselleiros antes, e incluso hai un libro da consellería, que dicía que para que as demais rías viviran había que sacrificar unha, e sería a de Ferrol.

Eu non vexo o mesmo trato por Ferrol que polas Rías Baixas que quizais sexa porque non é o mesmo sector aquí que o dalí, tampouco é o mesmo pobo, que quizais fagan máis forza.
Aquí estamos máis diversificados.

Cambiando un pouco de tercio, eu sempre aproveito para falar da cuestión da muller, e tendo ti un posto como o de Patroa Maior nun sector que hai moita muller traballadora pero moito home organizando ¿Como te atopas ti como muller?
Eu sempre digo que é cuestión de persoas, cando alguén é cruel da igual o sexo .Eu xamais, dende esta confraría, xamais me sentín minorizada por ser un sector masculinizado e eu muller, xamais. Se tiven algún problema foi igual con homes que con mulleres pero, ao final, a crueldade no depende do sexo.



Hai moito respecto polas mariscadoras en Galicia.
Si, creo que non hai ningún problema. As mulleres que levan toda a vida estan integradas igual que un home e xamais vin algún ton despectivo.
Así como hai outros problemas ese non, tampouco quero falar polas miñas compañeiras pero eu non tiven ningún, non sei se por que tiña o camiño aberto polas predecesoras.

¿Como saída laboral para as mozas o recomendas logo?
Para quen lle guste o mar si, tente que gustar. É un oficio que ten que gustar e son anos difíciles porque é comezar sen saber que futuro haberá e é desesperante. Mulleres mariscadoras a pé, algunhas abandonaron porque no da a peza para vivir.



Transmites moita ilusión e positividade pola situación futura.
Sempre me ensinaron a pelexar e loitar na casa porque así se conseguen as cousas. E se eu non son positiva no cargo que estou o primeiro que teño que facer é marchar, se non vexo solución ¿Que fago aquí? Se eu son a primeira que pinto todo isto como algo sen solución, iso transmitirei…creo que imos dar có método para que as administracións, estea quen estea, e en iso estamos a traballar, miren de verdade pola ría, e que se deixe o compromiso por escrito e asinado, baixo un respaldo. Póñoche un exemplo, a obra das Pías, cando foi o do Discover iso foi todo abaixo e pagouse dúas veces a retirada de escombro, a estrada toda vense as liñas pintadas no fondo do mar, pagouse pero nunca se retirou. E nós, en reiteradas ocasións, o diximos, así que o que esiximos é que, se encargan unha obra, se solicite un seguro e, senon queda ben, vas responder có teu patrimonio, para iso te presentas para facer a obra. A ultima cousa que nos dixeron é que non se podía retirar ese anaco de estrada e, incluso, nin os cables que cruzan. É unha barbaridade porque o escombro foi utilizado de cimento para as columnas novas.

Eu entendo que naquel intre era a única entrada e saída de Ferrol e había que facela moi rápido, e se fixo o que se puido, pero houbo avances tecnolóxicos e creo que xa se pode solventar sen un custo tan grande. De feito, o dixen en xuntanza, senon se poden erguer piletas, abride tubos de paso para a auga ¿Que pasa? Que esta petición ten que chegar a alguén que de verdade lle interese a ría e tome a iniciativa.
En xuntanza, onde estaban representantes da Estación Mariña da Graña, falabamos dunha inversión inicial duns 1500 €, nun estudo preliminar dun cómite interdisciplinario. Dan ganas de poñelos do propio peto.
¿Nin Deputación, Xunta, Consellería do mar , nin o Estado ten esa capacidade económica?
Que temos moitísima sorte de ter a Estación da Graña, que levan moito traballo feito

¿Colaborades moito coa Estación da Graña?
Non, a verdade. Cando hai subvencións, se podemos, tiramos deles e tiramos en cousas claves, dúbidas, etc...son moi colaboradores, a verdade.

O tema das competencias parece obstaculizar a solución. Hai unha clara competencia do Estado , outras de Portos...
Do Estado en xeral, de Portos é a lámina de auga ...pero, realmente, en todo isto, a competencia real en temas de mar é da Consellería, da Xunta.

Podería ser entón a Xunta quen encabezara a iniciativa de saber que lle pasa a ría, pero claro Ferrol, para a Xunta, está a cola.
Sempre. Isto que estamos a pasar agora pasou nas Rias Baixas coa bacteria, e aí estiveron, nin un día perdido. A nós dinnos que nos deron un cese de actividade e non o quixemos.
Non, mira o que conleva ese cese, o que nos ofrecían era para un ISM e o cese de activade teño dereito a el porque o pago todos os meses no recibo da SS, pero ese cese se puxo para, por exemplo, que en tempadas con toxina, te acolleras a ese cese e cobrar, pero se te di que para cobrar, como máximo dous meses, tes que ter cotizado con anterioridade 18 meses. Perfecto. Pero é que isto cadrou co confinamento e tivemos dous períodos de biotóxina e peche da ría e, a maior parte dos pescadores, acolléronse ao cese. Entón o que di a normativa é, se ti xa gastaches 3 meses quédache a outra parte uns 20 días...total quedábanos un mes. ¿E de que che vale? Para iso traballamos igual.
O que se precisa é vontade política. Ese é o maior óbstaculo.

¿A que conclusións chegar tras tres conversas con diferentes puntos de vista (económico, cientifico e medio ambiental) sobre a situación da ría ?

Sinalar primeiro as coincidencias de analise, as rías como enclaves únicos no mundo e cunhas características particulares precisan do mantenemento das mesmas, ao ser espazos que se pechan sobre si mesmos e reciben aporte de auga doce dos cauces fluviais.

Se coincide en indicar como factores de impacto mediambiental na ría:

→ O medre de poboación na comarca en dous tempos, coa construción do Ferrol da Ilustración e os anos 50-60 có medre do naval e o asentamento de Astano. O que provocou un verquido na ría de augas negras domésticas en ascenso e sen depuración.

→ A explotación industrial sen control de construción e verquido na ría. Ademais dunha falta de tratamento axeitado dos residuos construironse óbstaculos para as correntes de auga como o Porto Exterior, o porto carboeiro, a ponte das Pías...que dificulta o limpado natural da ría.
Unha falta de estratexia a longo prazo que derivou nun sacrificio da ría a favor dunha visión curtopracista economicamente.

Coinciden tamén os nosos expertos no esbozo da situación actual que non é tan pesimista como cabería agardar:

→ A depuración que comezou en 2017 mellorou en moito a calidade da auga e que proseguirá coa conexión da Malata. Un factor positivo..

Posible proxecto de remodelado da Ponte das Pías que permita que circulen as correntes de auga e limpado.

→ O problema dos sedimentos, que é unha das grandes problemáticas. ¿Dragar ou non dragar? ¿Botar áridos?¿Podería ser peor o impacto negativo se se removen metais pesados que corran pola ría e acaben coas especies e bancos productivos?

→ A improbabilidade de eliminar os óbstaculos das correntes de auga tales como o Porto Exterior que mudou e mudará a vida da ría.

→ Desaparición de especies e baixada inexplicable da produción marisqueira en especie autótona como a ameixa babosa.

Por ultimo a coincidencia no diagnóstico e na solución son únanimes. Non se sabe que lle pasa realmente a ría, coñecense os síntomas, que coidados fallaron pero non a enfermidade e, por tanto non se coñece o tratamento.

A solución que propoñen e que apuntan só é posible con vontade política, viría dun cómite interdiscilplinario e neutral que recopilara toda a información que se ten a día de hoxe da ría e que avaliara cal é o problema. Esta comisión ademais esixiría unha finaciación mínima.

De xeito que á pregunta "¿Que lle está a pasar á ría?", teríamos que sumar a pregunta "¿Por que non hai vontade política de saber que lle pasa á ría"?

CONSERVAR O FUTURO

Amigos de Santa Catalina



"Creo que unha folla de herba, non é menos que o día de traballo das estrelas"
(Walt Whitman)

En tempos post corentena, tras varios peches perimetrais, a grande maioría de nós Sentimos a necesidade de voltar á natureza e aos intereses máis vencellados coa súa conservación e gozo. Se a iso unimos o redescuberto pracer de pasear, coñecer a nosa contorna e a súa oferta cultural e patrimonial - " Non sabemos o que temos " - explicase o éxito de actividades ao ar libre e de voluntariado para recuperar espazos e conservalos, loitar contra desleixes, como o monocultivo de eucalipto, e facer difusión pedagóxica deste tipo de accións.

Neste eido que vencella o natural e o patrimonial atopamos asociacións como "Amigos de Santa Catalina ", nada hai xa 19 anos e que nestes anos conqueriu grandes cambios non só na faciana do mosteiro e entorno, tamén mudou a relación de este espazo coa veciñanza e converteuno nun lugar de obrigada visita para o turismo verde.

A presidenta da asociación, Celsa Formoso Martinez, púxonos ao día sobre as accións de mantemento encaradas ate o de agora como, por exemplo, con axuda do Concello e Patrimonio da Xunta de Galicia a restauración (2018) da fachada este e unha pequena parte do tellado, a fin de evitar a humidade.

Así mesmo construíse un Centro de Interpretación no Cabido en 2019 e válanse as pinturas renacentistas, en colaboración có programa “Reinicia” da Xunta de Galicia.
Como reparación ordinaria pero importante repuxéronse as xanelas da fachada este e norte e as da cantina que adoita estar en funcionamento.
Para este ano 2021, colaborando Concello de Mugardos e Deputación da Coruña restaurarase a cuberta da cociña. O traballo é moito nun edificio de tan grande volume e non menos valor histórico e cultural.





En canto a actividade divulgativa está a ser diversa e desenfreada celebrando todo tipo de eventos que dan vida ao mosteiro todo o ano.

Moi destacable e enriquecedor o traballo cós centros educativos de Ares e Mugardos, os nenos e nenas disfrutan aprendendo a respectar á natureza e a conservar as tradicións culturais.
“Contactamos co CPI As Mirandas , de Ares e desde 2016 veñen grupos que coñecen o mosteiro e realizan unha repoboación de buxo no xardín ,na primavera, celebramos así o Día da Árbore”.
“No Ano 2019 o centro de Mugardos, celebrou o Magosto ,con numerosas actividades. “



“Como actividade aberta a todo o publico realizamos visitas guiadas todos os domingos de verán e en todas as visitas de grupos programadas que así o soliciten”



Enuméranos a presidenta todos os eventos que se levan a cabo por parte de asociación que responden a todo tipo de inquedanzas culturais, por exemplo as "*Tardes culturais*", un día ao ano, celebrase unha xuntanza con diferentes propostas de teatro, conferencias e encontros con autores teatrais.



A "Xornada de Arte non Mosteiro" , en colaboración coa SAF (Sociedade Artística Ferrolana), "*convídase a pintores de recoñecido prestixio e a noveis , a que pasen un día pintando no lugar, dáse un prazo para terminar a devandita obra e despois expóñense en lugares facilitados polo Concello . Unha vez finalizadas, trasládanse a locais comerciais de Ares. As obras realizadas son cedidas á Asociación e serán rifadas en diversos actos. Así colaboran no mantemento e difusión do coñecemento de Santa Catalina"*



Ao teatro e a pintura segue "*Música no verán*". Desde a fundación da Asociación, vén realizando , os primeiros venres dos meses de verán,unha actuación musical.Ao finalizar convídase aos socios e amigos a un viño que serve de encontro e sortéase un cadro doado da Xornada de Arte e unha fotografía obra dos participantes no *"Congreso de Fotografía de Longa Exposición"*






A conservación da cultura local tamén ten un lugar coa recuperación da Festa de Santa Catalina, que se realíza o sábado de novembro máis próximo ao día 25, data de onomástica de Santa Catalina de Alexandría. "Esta festa tiña gran tradición na zona, celebrouse ata a Desamortización e recupérase en 2002 coa intención de servir de encontro á veciñanza" Todas as actividades publícanse na web, na prensa e na revista "Claustro". "Para este ano 2021 sairá o numero 15 da publicación non só con actividades ,tamén con artigos vencellados có mosteiro".

"Como se pode ver todas actividades todas elas son realizadas co obxectivo de difundir o coñecemento do noso mosteiro".

Non menos importantes os proxectos que se desenvolven na entorna natural ao redor do enclave histórico .
Un dos máis afianzados no tempo xa e con grande participación da veciñanza é o "Proxecto Rios", ten lugar na primavera e consta dunha análise biolóxica e físico-química dos rios. Xa en setembro levase a cabo a limpeza simultánea, "Móllate polos ríos" no Rio do Frades, que nace no Mosteiro e desemboca na Redonda.
"Estamos a realizalo desde 2016 e o noso proxecto é seguir realizándoo." "Por outra banda seguimos a elaborar andainas etnográficas, con percorridos nas proximidades."




Ante a pregunta sobre protección mediomabiental e patrimonial paixasística fronte ao desleixo e as especies invasoras a presidenta teno claro *"Temos un propósito coa contorna do Mosteiro, facer un Montefaro sostible , para uso de veciños hoxe e para as xeracións futuras, apostamos polo coidado e respecto pola natureza.*
Así na nosa revista aparecen artigos sobre as especies do xardín, de aves, de bolboretas, orquídeas e en vindeiros números aparecerán un artigo sobre a flora exótica invasora e outro sobre as libélulas. Pensamos continuar nesta liña.
Este ano, ademais, queremos colaborar coa "Asociación de defensa do Bosque Atlántico BETULA" e coa "Asociación Verdegaia" , no coidado da nosa contorna máis próxima, iniciámolo en terreos de socios e amigos que así nolo autoricen e nos terreos da Bailadora, cedidos ao Concello de Ares. Realizando xornadas de deseucaliptización e custodia do monte"
"Agardamos que os socios e veciños colaboren de forma decidida por un Montefaro autóctono, gustaríanos que este proxecto sexa duradeiro,con moita implicación de socios e amigos, coidando a nosa paisaxe" .







Sorprenderonnos dúas actividades das que se levan a cabo en Montefaro que poden ser de especial interese nun entorno de tanta beleza e pouca contaminación luminica, son as *"Noites de Observación Astronómica" . "De mans da Sección de Astronomía da SGHN (Sociedade Galega de Historia Natural) , desde o 2016 realizamos unha noite de agosto unha observación astronómica, con telescopios facilitados por eles,esta actividade está aberta a socios e amigos previa anotación, pódense levar os telescopios propios e axúdaselles a regulalos se é necesario..*




E , por outra banda , colaborase có “Congreso de Fotografía de Longa Exposición”, no que xúntanse amantes da fotografía natural para fotografar o ceo. Desde logo o lugar prestase a elo pola luz tan especial que posúe”.



Desde hai uns anos , ten moita relevancia a práctica de deportes ao ar libre e Montefaro é lugar onde concorren moitas modalidades como o trail , as BTT, e as andainas que en colaboración coa “Asociación Bimares”, a asociación leva a cabo varias ao ano.



Dúas xa fixas , o “Roteiro Mosteiro- Bailadora-Fuenteseca-Mosteiro” e o “Anexo ao Camiño Inglés, desde “Vilar do Colo-Igrexa de Franza-Mugardos-A Palma-Mosteiro-Castro de Santa Mariña- Arsa-Redes-Pontedeume” .”Xa que ou Mosteiro foi o encargado do Hospitalillo de Ponche de Pontedeume durante máis de 400 anos solicitouse a colaboración ao Organismo de Xestión do Xacobeo ““Parécenos moi importante, como posta en valor do Golfo Ártabro”
“As andainas etnográficas, en cambio, son labor de socios e veciños Moi interesantes para que non se esquezan os camiños, a toponimia e as historias locais, así temos as “Andainas de “Santa Catalina á Redonda”pola costa e “Na Saia da Bailadora” que é un percorrido polas fontes, lavadoiros, muros…”



Preguntamos polos proxectos para este ano no que aínda non recuperouse a normalidade pola Covid “Se as condicións permíteno seguiremos realizando as xa mencionadas e este ano como novidade potenciaremos as actividades de natureza para todas as idades. E se é posible realizaremos un BioBlitz1.

"Seguimos traballando con ilusión e potenciando o coidado do monte e do Concello de Ares".
Queremos agradecer as administracións colaboradoras e veciñanza , á Xunta, Deputación , Fundación CEATE -REPSOL , SGHN, sección de Astronomía, "Proxecto Rios", ADEGA, BETULA , Verdegaia , SAF, BIMARES e, sobre de todo a moitos dos nosos socios e amigos.A todas o noso agradecemento. En todas as actividades que se organizan, colaboran os socios e amigos, sen eles non poderiamos levalas a cabo".



"Seguimos traballando con ilusión e potenciando o coidado do monte e do concello de Ares"

ARTIGOS

O ENTROIDO FERROLÁN

Chega coa lúa, ven de antigo

Esperanza Piñeiro de San Miguel
(textos e ilustracións)

Unha tradición milenaria, o Entroido, que anuncia o final dos rigores do inverno e que nos fala de que axiña chegará a primavera. A data non é fixa no calendario, senón que está asociada á última lúa nova de inverno. Esa lúa que semella estar todo o ano de troulada, celebrando o seu propio carnaval con cen disfraces, cada noite cunha máscara que oculta unha parte diferente do seu rostro.

Que fermoso é contemplar a lúa! Melancólicos, namorados, curiosos, preocupados, poetas, científicos, de calquera xeito que nos sintamos, aí está a lúa, maxestosa e intrigante, coas súas fases marcando o tempo. Dende a Antigüidade os seres humanos acudimos a ela, primeiro para divinizala, e logo para organizar os labores agrícolas e mariñeiros. Civilizacións ancestrais tiñan meses lunares, de 28 días, e o antigo calendario romano marcaba o inicio do ano coa primeira lúa nova tralo comezo do desxeo. Diferenciámonos dos animais en que temos necesidade de crenzas, lendas e ritos, necesidade das ciencias e das artes. En Galicia persisten festas e tradicións de orixe pagá, relacionadas cos ciclos da natureza e as estacións do ano, que explican as preocupacións que tiña a sociedade cando a ciencia aínda non podía desvelar o mundo, e que nos dan identidade como pobo. O Entroido é unha festa que o pobo mantén como despedida ante o comezo da rigorosidade da Cuaresma.

En Ferrol o Entroido sempre estivo moi arraigado, ven de antigo. Vemos que na súa historia celebrouse, e moito, na súa dobre faceta: a máis popular e de rúa, e a máis organizada, con bailes de máscaras, desfiles e obras teatrais. Sucedéronse momentos de fomento e de prohibición, de auxe e de decadencia, pero nunca desapareceu. Cada ano chegou a Ferrol, igual que regresan os vencejos (declarados en España este 2021 como paxaros do ano), tras invernar en África, para pendurar os seus niños nas cornixas e tellados.

O Entroido é tempo de alegría e liberdade, de cambio de roles e de transgresión. Todo vale, parodias e bromas. Unha licencia que toda sociedade regulamentada se permite e que constitúe unha proba da saúde mental dun pobo. É tempo de risas, máscaras e fantasía

Imos volver a mirada ao pasado con información do Arquivo Municipal de Ferrol (AMF) e da prensa da época, para ver o Entroido dende o século XVIII ata as primeiras décadas do XX, un tema que xa estudei con anterioridade conxuntamente con Andrés Gómez Blanco.

Prohibicións no século XVIII

A vila medieval de Ferrol, mariñeira e agrícola, medraba no século XVIII trala instalación de estaleiro e arsenais, e o Carnaval adquiría grandes dimensións. A celebración tiña sobre todo un carácter popular. Neses días altérase a orde social establecida, con crítica social, sátiras e algarabías nas rúas e tabernas, que as autoridades civís e relixiosas intentan regular por medio de bandos, dos que se conservan varios. Así, do editado o 29-1-1790 polo alcalde Francisco Freire de Cora, extractamos:

Que en el actual tiempo de Carnes-Tolendas o carnaval no usen en público ni en secreto de máscaras, disfraces ni trages que no sean propios y honestas ni menos que en las plazas ni calles se arrogen ni tiren limones naranjas huebos tiznes ni cosas semexantes mas propensas a herir (...) se les ymponrán yrremisiblemente las penas de presidio, multas y cárcel que prescriben las leies.

A corrida do galo nas escolas

Típico desa época era o xogo da corrida do galo, que tiña moitas variantes e se facía en diferentes pobos galegos. Nas escolas ferrolás era fomentado polo mestre, cun galo regalado polos pais dos alumnos, pois despois el, cun salario precario, levaríao para casa. O xogo consistía en pendurar no alto cunha corda a ave viva, atada polas patas, e que os escolares, por quendas e cos ollos vendados, tentasen cortarlle o pescozo a golpes cun pau. O ganador sería quen degolara ao galo. Polo gran arraigo que acadou, publicáronse sucesivos bandos prohibíndoo, coma o do Alcalde Maior da vila, Eugenio M. Álvarez Caballero, en 1784:

Los maestros de primeras letras de esta jurisdicción acostumbran con sus discípulos hacer cierta fiesta el Jueves o Sábado que precede al Domingo de Carnaval con el nombre de correr el gallo, y que el Lunes y Martes siguiente no les dan escuela, de que se siguen grabes perjuicios. Mando que pena de veinte ducados ninguno permita semejante corrida, ni otro festejo que aluda a esto. Que el Lunes y Martes tengan a sus niños en la escuela (...).

Bailes de máscaras no XIX

A pesar dos intentos de prohibición, o Carnaval continuou, con disfraces polas rúas e nos bailes que se organizaban en tabernas e locais pechados habilitados para a ocasión.
Chaman a nosa atención os bailes de máscaras que se celebraban no gran salón do Hospital de Caridade. O edificio (actual centro cultural Torrente Ballester) fora rematado en 1785 e ao principio administrado por un Cabildo de Goberno. Entre 1837 e 1852 pasou a depender da Xunta Municipal de Beneficencia, quen, coa autorización do Xefe Político da Provincia, decide facer anualmente bailes de máscaras nun dos seus salóns.O Hospital adxudicaba en pública poxa a contratación dos bailes, e o importante montante conseguido servía para contribuír ao financiamento da institución.

O espazo utilizado era o que ocupaba a escola pública elemental de nenos, un salón de 18 por 13 metros, por cuxo aluguer o concello pagaba 3.000 reais de vellón anuais, coa condición de que quedase libre en Carnavais.. Eses días a escola habilitábase provisionalmente na Casa Consistorial (establecida daquela nos Cantóns), xunto á sede permanente da segunda escola pública coa que contaba Ferrol, que era a escola superior.

Curioso é o conflito suscitado no Bienio Progresista de 1854-56, pois viña de crearse a Milicia Popular (formada por voluntarios defensores do progresismo), que debería ser pagada polo concello e, ao carecer este de fondos, o Comandante da Milicia reclama a metade da recadación dos bailes de máscaras, apoiado polo Gobernador Civil.

A reacción do Hospital (que xa estaba rexido de novo por un Cabildo cun Irmán Maior) non se fai esperar e, antes que compartir os cartos, suspende a poxa e impide a celebración dos bailes de máscaras. Estes volverán a facerse en 1857 (finalizado o Bienio e disolta a Milicia).

Sabemos que en 1877 a adxudicación dos bailes de máscaras proporciona 13.000 reais de vellón ao Hospital, e que ao menos en 1885 aínda continúan celebrándose co consentimento das sociedades da cidade:

Todas las sociedades ferrolanas renuncian a celebrar los bailes en sus respectivos locales el Jueves de Comadres, el Domingo y el Martes de Carnaval y el Domingo de Piñata.

TEATRO JOFRE

Despampanante espectáculo

PARA HOY

DOMINGO DE PIÑATA

En vista del éxito obtenido el miércoles de Ceniza, la Empresa de este hermoso Coliseo rinde hoy nuevamente homenaje al divino dios del disloque, con un soberbio FENOMENO DE SEIS CABEZAS... (cada cabeza un cuadro) y con siete pares de patas (cada par, un número de mùsica...)

Dicha Empresa, que en cuestiòn de tacañerìa no entiende una palabra, encargò la «biblia en verso y prosa» á un joven escritor ferrolano, especialista en esta clase de empanadas con pimienta picante....

Sin escatimar gasto alguno, contratò, asimismo, un cuadro de declamaciòn, de cartel, compuesto de los siguientes actores:

Sres. Varela, Tojeiro, Iglesias, Julio Vázquez, Losada, Pérez (Prósper menor), Rodrìguez, Grandal, Sierra, Rios, y seis golfos que también echan su cuarto à espadas.

¡Y qué tíos trabajando!;
Algunos, de barba escasa,
«Enriba» del escenario...
Resultan con «toa la barba»...

PROGRAMA

1.° Sinfonìa à cargo de una muy nutrida orquesta, dirigida por el reputado maestro Sr. Vilumbrales.

2.° Primera representaciòn del despampanante y caòtico «Disloque cómico-lìrico-dramàtico-tuberculoso-macabro-municipalìstico-decente todo lo posible,» original del joven escritor literario D JOAQUÌN DE ARÉVALO, que, sin ser cura, bautizólo con el burlesco título de

EL LOCO FERROL

escrito «à propòsito,» ya que «à propòsito» estamos hablando de dicho «apropósito,» para la empresa que se lo encargó con el «propósito» de representarlo el MIERCOLES DE CENIZA y algùn otro que haya lugar.

TÍTULO DE LOS CUADROS

A telón corrido: El ciego de la historia del pueblo [illegible]

1.° En la plaza de Amboage.
2.° En la plaza de Armas.
3.° En la calle de San Francisco.
4.° Los amores de un sorche.
5.° Samuel en el calabozo.
6.° En el patio.

NÚMEROS MUSICALES

1.° Sinfonía.
2.° Ferrol loco.
3.° Coro de tísicos.
4.° La calle del Sol.
5.° Dos serenos.
6.° Coro de luciérnagas.
7.° Ferrol dolorido.
8.° Coro de golfos.
9.° Coro de viejas.
10. La Parca.
11. Pomposo y fúnebre coro de difuntos.
12. Lucido coro final por todos los artistas.

Los cuadros 4.°, 5.° y 6.° han sido escritos precisamente para el celebrado actor popular Sr. Grandal, asì como el magnífico nùmero musical de La Parca, que cantarà el señor Vàzquez (D. Julio).

Terminado el espectàculo, darà comienzo un lucido y sorprendente

BAILE DE MÁSCARAS

que terminarà à las cuatro de la mañana.

NOTA IMPORTANTE.—A este objeto suplícase de antemano à las personas que ocupen la sala, se sirvan desalojarla inmediatamente después de la representación, à fin de realizar las operaciones convenientes para nivelar el piso.

OTRA.—Para evitar aglomeraciones y facilitar toda clase de comodidades al público, las puertas del teatro se abrirán à las siete de la tarde, anunciándose con una docena de bombas de palenque. Se prohibe la entrada en el local con toda clase de bultos, à cuyo efecto se habilitó un ropero.

Entrada general, una peseta.

El espectáculo dará principio á las ocho en punto.

Imp. y Estereotipía de El Correo Gallego

1905. Teatro Jofre. Representación escénica máis baile de máscaras

Teatro Romea.

ACONTECIMIENTO TEATRAL

PARA HOY

MIÉRCOLES DE CENIZA

La Empresa de este Coliseo, rindiendo justa y tradicional costumbre al fugaz reinado de Carnestolendas, encargò, al «peor» de todos los aficionados de este pueblo, un Apropósito, joco-serio y lírico, que dará golpe esta noche y todas las demàs que se represente.

El haber otras Empresas acaparado la «vis còmica» de los más «afamados» escritores, obligó à ésta à entregarse en manos del aficionado màs «cativo».

ORDEN DEL ESPECTÁCULO

1.º Sinfonìa.

2.º ESTRENO

del Apropósito joco-serio y lírico, escrito en verso por el «peor» de todos los aficionados de la localidad, música de un conocido profesor, en un acto y cuatro cuadros, que lleva por título

GENIO Y FIGURA

TÍTULOS DE LOS CUADROS

I. Despedida de la Comisiòn.—II. En casa de D. Ginès.—III. En la calle Real.—IV. Don Tancredo.

El ùltimo cuadro, que representa una graciosìsima apoteosis, será iluminado con bengalas, produciendo un efecto magnìfico y sorprendente.

REPARTO

Don Ginés / El Ferrol	Subiela (Marcelino).
Un vecino de la Capela	Ruza.
Un guardia	Tojeiro.
Comisionado / Delegado de apremio / Recinto murado	Varela.
Fuente de Churruca	Casal.
Un alguacil / Un empleado	García.
La Graña / Una madrileña / Una vecina	Srta. Lobo.
Una fuente	Pardo.
Otra idem	Suárez.
Tiburcio	Pérez.
Un ciego	Sebastián.
Una lazarilla	Carmen.
Vecino 1.º	García.
Idem 2.º	Varela.
Don Tancredo	José Maria.

Coro de obreros despedídos, idem general y gente del pueblo.

La Empresa no escatimò gasto alguno para presentar la obra con todo el aparato que el argumento exige.

3.º Terminado el Apropòsito, dará comienzo un

GRAN BAILE

que terminarà à las cinco de la madrugada.

PRECIOS DE LAS LOCALIDADES

Palcos con cuatro entradas, 7'50 pesetas.---Silla con id. 1'75 idem.---Delantera con id., 1'25 idem.---Entrada general, una peseta.---El impuesto del timbre à cargo del público

NOTA.—Se suplica à los concurrentes que una vez terminada la representación del Apropósito, se sirvan desalojar la sala inmediatamente, para recoger las sillas, con objeto de poder dar principio al baile.

OTRA.—Para evitar molestias al público, se hallará abierta la Contaduría del Teatro, desde las cuatro de la tarde, y se facilitará la entrada una hora antes de la señalada para la representación.

El espectáculo dará comienzo

A las ocho y media en punto.

Ferrol: Imp. de El Correo Gallego

1902. Teatro Romea. Representación máis baile


Por esta razón, os bailes que as sociedades culturais e recreativas organizaban noutras épocas do ano, por tanto fóra de tempada do Entroido, eran, en moitas ocasións, de máscaras, ás que había tanta afección en Ferrol. Por exemplo, así o vemos reflectido nas actas do Casino Ferrolano (fundado en 1850 co inicial nome de Tertulia de Confianza, e que cambiou de denominación dez anos despois): Na reunión da directiva de 14-1-1862 acéptase prescindir dos bailes de máscaras no Entroido, a petición do Hospital, pero organizarán un de máscaras para o día 19 de novembro, alugando para iso o teatro Principal situado na rúa Magdalena.

Bailes nas sociedades e teatros dende finais do XIX

Moitas son as sociedades recreativas e culturais e teatros que existían en Ferrol, a última década do século XIX e as primeiras do XX, nos que se celebraban bailes de máscaras en Carnaval. Dende que no Hospital de Caridade xa deixaran de facerse, atopamos documentación destes bailes en: Casino Ferrolano (praza de Dolores), Liceo de Artesanos (praza de Armas), Círculo de Recreación (rúa Magdalena), Centro Recreativo (praza de Armas), La Camelia, Teatro Jofre, Teatro Romea (rúa do Sol), teatro Circo Ferrolano e Teatro Principal (rúa Magdalena).

Consultada a prensa de diferentes anos, vemos que se reiteran os anuncios dos bailes de máscaras, con horarios de dez da noite ás catro da madrugada. Todos os anos facían concursos de disfraces nalgún baile. Como exemplo reproducimos os premios no celebrado no teatro Jofre o sábado 22-2-1896:

El baile de trajes. En plateas y palcos principales veíanse muchas conocidas familias de la buena soceidad. El jurado (…)
Primer premio: Un precioso reloj de fantasía, bien ganado por una charra (señorita Cándida Aragonés) (…)
Segundo premio: Un corte de vestido de lana con su correspondiente forro de seda, adjudicado a una aldeana austríaca (Srta. Pura Blanco)
Tercer premio: Una escribanía de plata. A un moro vestido con gran propiedad (Un alférez de navío).
Cuarto premio: Un costurero de plata con espejo y estuche de peluch, otorgado a una preciosa calabresa (Srta. Carmen Rodeiro)
Quinto premio: Un centro de mesa a una hermosa disfrazada con traje de capricho.
Sexto Premio. Una pulsera de plata enchapada en oro. A una aldeana siciliana (Srta. Leonor Blas).



1902. Teatro Circo Ferrolano. Baile de máscaras AMF

Hai que ter en conta as grandes diferencias sociais da época, con estamentos que ocupaban espazos diferenciados, sen posibilidade de mesturarse nos paseos, tabernas e, moito menos, nas exclusivas asociacións recreativas. Nos bailes organizados por estas, a finais do século XIX a entrada custaba unha peseta para os cabaleiros, e 50 céntimos, ou mesmo gratis, para as señoras. E a prensa, ano tras ano, nos seus "ecos de sociedade" pasa revista ás actividades das distintas sociedades, dando detalles das persoas participantes:

**El lunes se bailó en el Circo de Recreo y en el Jofre (…). El baile que el Casino Ferrolano dio en el teatro estuvo más animado que los anteriores. Hubo más disfraces, más algazara, más calor y ¡oh! felicidad menos pavo, una de las cosas que sin figurar en los carnets suele ser la desesperación de las muchachas. De las máscaras más notables recordamos á dos esbeltas amazonas, una encantadora aldeana napolitana, una bellísima pierrete(…). En el Casino Artístico hubo anoche gran alegría. No escasearon las bromas(…)*

. Los bailes. Todos ellos muy concurridos y, como era de esperar, muy animados también. Muchas máscaras en el baile del domingo, predominando entre ellas, así por el número como por la elegancia del disfraz, el hermoso sexo. Asistieron a esta tan agradable fiesta las comparsas Blanco y Negro, Caballeros Negros y Pelotaris, y sobresalió por el gracejo y la ingeniosidad de sus bromas un numeroso grupo de ellas disfrazadas de damas de la Cruz Roja*

Como reflexo dunha época na que aínda non existía roupa confeccionada a vender, era habitual regalar tecidos para facela. Así, atopamos un pasquín dun baile en 1905, no teatro Jofre, no que a empresa sortea entre as mulleres asistentes, con entradas numeradas, "un magnífico corte de vestido y un rico corte de blusa de seda".

Bailes de nenos

As diferencias sociais estaban moi marcadas mesmo nos días do Entroido. Mentres os nenos das clases menos favorecidas saían á rúa facer a trouleada con roupa vella e unha careta, os fillos das persoas acomodadas lucían fermosos disfraces e acudían ás sociedades da elite, onde recibían de regalo doces e bebidas. Ían acompañados dos pais ou das empregadas do fogar (os socios obtiñan permiso ese día para que entrasen, por suposto previo pago da entrada).

Os bailes infantís eran pola tarde, normalmente ata as dez da noite, para logo continuar co baile de adultos. A prensa, sobre todo El Correo Gallego e La Monarquía, recolle con agrado estes eventos sociais, como en 1894

TEATRO JOFRE

GRAN BAILE DE MÁSCARAS

PARA HOY DOMINGO DE CARNAVAL

desde las diez de la noche á las cuatro de la mañana

El gran salón del Teatro estará expléndidamente iluminado con arcos voltaicos, y la nutrida y afinada orquesta será dirigida por el reputado maestro Sr. Pampín, Director de la rondalla «Airiños d'a miña Terra.»

A beneficio de las señoras que asistan al

GRAN BAILE DE MÁSCARAS

regala la Empresa

un magnífico corte de vestido
un rico corte de blusa de seda

y para optar á dichos regalos llevará cada entrada un número que el público se cuidará de conservar hasta la hora del descanso que se verificará el sorteo.

A BAILAR TOCAN

Despampanante ocasión
Que, de «Jofre,» el gran salón
Presenta á las muchachitas
Que alegres y jovencitas
Bailar mucho es su ilusión.

—

Baile pulcro y recatado
Donde habrá sumo cuidado
De que no pise la *alfombra*
Ninguna de... *mala sombra*...
Cuyo honor es el pecado...

—

Se garantiza decencia,
Y se demanda prudencia
A cambio de lo primero;
Pues un orden lisonjero
Es la más bonita ciencia.

A juicio de la Empresa,
A continuación se expresa
Su entusiasmo decidido
De rifar un muy lucido
Corte-traje de Marquesa...

—

Entre las lindas hermosas
Que acudan á «Jofre,» ansiosas
A bailar, se hará el sorteo,
Armándose así un jaleo
Que las hará muy dichosas.

—

Corred, niñas hechiceras.
Corred, volad, placenteras,
Que mil mozos muy barbianes
Aguardan, con mil afanes,
Vuestros talles de palmeras.

El «Teatro Jofre» os invita
Y por vosotras palpita
Con deseos que dislocan:
Corred que se despepita...
Sí, corred, que á bailar tocan.

GRAN BAILE DE MÁSCARAS

Entrada general, una peseta.

Imp. y Estereotipia de El Correo Gallego.

1905 Teatro Jofre. Baile de máscaras con sorteo de agasallos AMF

** Brillantísimos resultaron los bailes de niños celebrados ayer en las sociedades Centro Recreativo y Casino Artístico. Los salones hallábanse completamente invadidos por una turba infantil que lucían hermosos y vistosos trajes. Las juntas de ambas sociedades obsequiaron a los bebés con cajas de dulces. Al terminar (...) los niños María Román y José Román tocaron al piano un preciosos vals acompañados de la orquesta.*

** El sábado baile de niños en el Jofre (organizado polo Casino). Se autorizó á los socios para que previa la obtención de billetes puedan enviar a sus criados á las localidades altas á fin de que cuando los pequeñuelos se retiren puedan ser llevados por los sirvientes.*

Obras teatrais, ademais dos bailes, polo Entroido


Atopamos tamén nos teatros programas amplos, con entrada ás oito da tarde e saía ás catro da mañá, con tres partes sucesivas: música da orquestra, representación escénica e baile de máscaras. Nos pasquíns anunciadores avisaban que antes de comezar o baile había que transformar o patio de butacas en pista de danza:

A este objeto suplícase a las personas que ocupen la sala, se sirvan despejarla inmediatamente después de la representación, a fin de realizar las operaciones convenientes para nivelar el piso.

Outras veces eran exclusivamente representacións teatrais. Por estas datas sempre se estreaban "apropósitos", entremeses ou comedias, que acostumaban estar anunciadas no mesmo pasquín. A sátira, a parodia, a crítica social, a inversión de valores teñen nestas datas a máxima liberdade.

Un destes apropósitos cómico-líricos levaba por título "Galería Carnavalesca. Juicio del año 1884". Foi representado no Teatro-Circo a noite do Mércores de Cinza (e editado pola imprenta Taxonera en 1885). Os personaxes son alegóricos: A Mariña, a Historia, os Xornais, un Alguacil e os doce Meses, aos que se toma declaración para, finalmente, ser condenados. É una crítica sobre o sucedido en cada mes y reflicte a sociedade da época. Ofrecemos algún extracto, referido ás declaracións do mes de Febreiro:

Cuando voy á los bailes,
de trangallada
siempre suelo encontrarme
con mi criada
¡Ay! que lecciones
y que manos tan llenas
de sabañones.
¿Baila V.? -le pregunto.-
"Non señorito
porque sey de sujuro
que me avomito.
¡Ay! ¡que tormento
quisen dar una vuelta
me faltó alento.



GALERIA CARNAVALESCA.

JUICIO

DEL AÑO 1884.

Apropósito cómico-lírico en un acto y en verso, para ser representado en el Teatro-Circo la noche del Miércoles de Ceniza.

Letra de D. W. VEIGA.

Música de D. P. SUAREZ.

FERROL
IMPRENTA DE TAXONERA.
1885

Tamén chamounos a atención a representación teatral no teatro Jofre en 1898, titulada “El Cinematógrafo”, por ter unha trama sobre a vida ferrolá, como por exemplo a botadura no estaleiro do buque Cisneros, que fora realizada o ano anterior.

O Carnaval decimonónico ocupa as rúas

A maior festa de Entroido tiña lugar na rúa con gran participación popular. Predominaban os disfraces improvisados, con caretas e sen máis obxecto que non ser recoñecidos. Abondaban as bromas, lanzándose flores, doces, améndoas, pero tamén ovos, grans, fariña e talco.

TEATRO JOFRE

Extraordinaria solemnidad teatral-bailable

PARA EL

SÁBADO 26 DE FEBRERO

Para la Empresa del Coliseo no podía facilmente pasar inadvertido el culto que el vecindario viene rindiendo anualmente al espectáculo del día; y en su deseo de corresponder á las esperanzas puestas en ella, no escatimó iniciativas ni desembolsos, á fin de que la fiesta de hoy resulte digno remate del programa.

Encarnar en una revista todos los sucesos locales del año y ofrecérselos al gusto público vestidos con el ropaje del arte y bajo la forma de la más exquisita cultura no es obra acometida aquí por nadie con el afán que lo cree haber perseguido la Empresa de Jofre, á cuyo objeto no vaciló en aprovechar los mejores agentes, escoger los más valiosos elementos y afrontar con toda clase de sacrificios, como garantía de éxito.

Por el público y para el público es el esfuerzo realizado y juzgar de éste puede facilmente por la lectura del siguiente

PROGRAMA

1.° Sinfonía á toda orquesta, bajo la dirección del maestro señor Vilumbrales.

2.° SEGUNDA REPRESENTACIÓN

de la revista cómico-lírica local, en verso y prosa, en un acto y doce cuadros, intitulada

El Cinematógrafo

libreto escrito expresamente para la Empresa por un chispeante escritor ferrolano, con música original y arreglos de un conocido profesor de la localidad.

TÍTULOS DE LOS CUADROS

I. La botadura del *Cisneros*. (En el Astillero)	VII. La Escuadra Española.—(En el muelle)
II. Gran Café Español.	VIII. Soldados y criadas.—(Calle Real).
III. Camino del Dique.	IX. Marinos ingleses.—(En Jofre).
IV. Sin guarnición.—(En las Baterías).	X. Tipos callejeros. (Cantón).
V. Escenas populares.—(Plaza de Armas).	XI. El Ferrocarril.
VI. Correo de Cuba.—(Arcos de Salomón).	XII. En el Circo Ferrolano. (Apoteosis).

NUMEROS DE MÚSICA

1.° Excelencias del Café. (Sexteto de camareros).—2.° Minué misterioso. (Cuadro pantomímico).—3.° ¡Rayos y bombas! (Paso-doble) original.—4.° Líos de la Plaza de Armas. (Terceto cómico).—5.° ¡Carta! ¡Carta! ¡Carta! (Guaracha) original.—6.° Fiestas á la Escuadra. (Coro).—7.° «Con un refaixo ó e' un mandil azul.» (Polka soldadesca).—8.° Flema inglesa. (Schotiss). 9.° El Cantón de Molins. (Couplets).—10. Estudiantes decrépitos. (Coro).—11. Ecuyeres de Circo. (Pasa-calle).—12. Apoteosis. (Galop)

PERSONAJES

Momo.	Botero 1.°	Tahona.
Un labriego.	Idem 2.°	Cuadro de Esteiro.
Inválido de maestranza.	Idem 3.°	Plaza Vieja.
Soldado de Cuba.	Barquillero.	Campón.
Don Simeón (periodista).	Agua de limón fría.	Crucero de Canido.
Regente.	Pasajero 1.°	Cantón de Molins.
Un ordenanza.	Idem 2.°	Manoliño.
Plaza de Armas.	Idem 3.°	Paco el tonto.
Aguadora 1.ª	Mujer del pueblo.	Tío Joaquín.
Idem 2.ª	Correo de Cuba.	Un trompetero.
Idem 3.ª	Guardia urbano.	Transeunte 1.°
Idem 4.ª	Soldado 1.°	Idem 2.°
Afilador.	Idem 2.°	Idem 3.°
Plaza fuerte. (Nacional).	Sirvienta 1.ª	Guarda-vía.
Centinela 1.°	Idem 2.ª	Prestigitador lusitano.
Guarda de Consumos.	El Municipio.	Clown 1.°
Oquendo.	Inglés 1.°	Idem 2.°
Infanta María Teresa.	Idem 2.°	Un policía.
Vizcaya.	Corral de Chapón.	Un vecino.

Coro de camareros, hombres, mujeres y niños del pueblo, estudiantes, comparsas de clowns, boteros y soldados.

La ejecución de la obra está encomendada á una escogida y numerosa sección de aficionados.
Para auxiliar á la peluquería han ofrecido sus servicios dos artistas de la Compañía de Bueso.
La Empresa ha mandado pintar dos decoraciones nuevas, requeridas para la mayor fidelidad de la representación.
La obra será vestida y exornada con toda la minuciosidad y aparato que el argumento requiere.

3.° Terminado el Apropósito, dará principio el

BAILE DE MÁSCARAS

hasta las cuatro de la mañana.

NOTA IMPORTANTE.—A este objeto suplícase de antemano á las personas que ocupen la sala, se sirvan desalojarla inmediatamente después de la representación, á fin de realizar las operaciones convenientes para nivelar el piso.

OTRA.—Para evitar aglomeraciones y facilitar toda clase de comodidades al público, las puertas del teatro se abrirán á las siete de la tarde, anunciándose con una docena de bombas de palenque.—Se prohibe la entrada en el local con toda clase de bultos, á cuyo efecto se habilitó un ropero.

PRECIOS.—Proscenios plateas y principales, sin entrada, 15 pesetas.—Palcos plateas y principales, sin id., 12 id.—Palcos segundos, sin id., 8 id.—Sillas con entrada, 2'50 id.—Anfiteatro primera fila, con id., 2'50 id.—Idem segunda id., con id., 2 id.—Tertulia primera fila, con id., 1'75 id.—Idem segunda id., con id., 1'50 id.—Galería, 1.ª y 2.ª fila, con id., 1'25 id.—Entrada general, 1 id.


El espectáculo dará principio á las ocho en punto.

Imp. de El Correo Gallego.

1898 Carnaval no teatro Jofre Representación escénica máis baile AMF

E tamén recibían o que lles tiraban dende as ventás. Por esta razón, dende o Concello enviaban normas ás sociedades culturais para que as fixeran cumprir aos seus socios, pero non sempre o conseguían. Consérvase un escrito firmado por Francisco Piñeiro, Presidente do Casino Ferrolano en 1884, no que comunica ao Alcalde que os socios xa están avisados para que, nos Carnavais, desde os balcóns y ventás da sociedade (naquel momento situada no número 111 da rúa Real) non tiren moedas ou outros obxectos á rúa. Engade que é difícil controlalo, pero que o vai intentar.

Polas rúas había música e desfilaban as comparsas con coplas satíricas, como as denominadas "Vicios", "Cazadores", "Negritos", "Blanco y Negro", "Caballeros Negros" o "Pelotaris". A enorme afección polo canto en Ferrol e a formación de innumerables corais ten aquí un antecedente.



Los Caballeros de la Edad Media

CARNAVAL DE 1897

WALS

De la Edad Media
Los caballeros
Tiernos amores
Quieren trovar,
Pues, si en las lides
Se ostentan fieros,
A las mujeres
Saben amar.

Sólo por ellas,
Cual campeadores,
Mil aventuras
Buscan doquier,
En premio ansiado
Ramos de flores
Y la sonrisa
De una mujer.

Mujer divina,
Si plugo al cielo
Que en tus miradas
Fulgure el sol;
De la hermosura,
Sobre este suelo,
Las bellas reinas
Tiene el Ferrol.

Por ellas sólo
Justamos lanzas
Con noble orgullo
Y en brava lid,
En sus amores
Las esperanzas
Cifrando, alegres,
Del adalid.

A ellas en trova
Dulce y galana,
Les consagramos
Nuestro existir.
Si no nos ama
La ferrolana,
La vida es llanto,
Paz el morir.

Con su recuerdo,
Fiera pujanza
Tendrá en las justas
Ya el campeador,
